**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día dous de abril de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

13/221 **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 25 de marzo de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**"ANTECEDENTES**

I. Prego de prescricións técnicas para a contratación da concesión do servizo de transporte urbano de viaxeiros de Lugo e informe de valoración das ofertas e sistema de regulación da facturación remitido pola técnico da sección de policía e transportes con data 18 de xullo de 2013.

II. Acta do grupo de traballo encargado da elaboración do borrador do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de prestación do servizo de transporte urbano remitida pola técnico da sección de policía e transportes con data 22 de xullo de 2013.

III. Novo informe relativo á definición dos criterios de valoración de ofertas relativas ao concurso para a provisión do servizo de transporte urbano no Concello de Lugo elaborado polo responsable de servizos xerais con data 28 de outubro de 2013.

IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da xestión do servizo de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento con data 11 de novembro de 2013.

V. Informe emitido polo titular da asesoría xurídica con data 20 de decembro de 2013 sobre os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas do contrato para a xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión administrativa.

VI. Acta do grupo de traballo encargado da elaboración do prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de prestación do servizo de transporte urbano de data 13 de xaneiro de 2014.

VII. Novo prego de prescricións técnicas para a contratación da concesión do servizo de transporte urbano de viaxeiros de Lugo.

VIII. Novo prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da xestión do servizo de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento con data 20 de xaneiro de 2014.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 1/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

IX. Informe da intervención xeral do Concello ref. 47/2014, de 10 de marzo de 2014, sobre a fiscalización do expediente de contratación de referencia.
X. Novo informe relativo ao réxime económico para a contratación da concesión do servizo de transporte público urbano de Lugo actualizado a data do 30/06/2014 redactado pola técnico do servizo de intervención con data 20 de marzo de 2014.
XI. Novo informe emitido polo responsable de servizos xerais do Concello con data 24 de marzo de 2014.
XII. Certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento prorrogado 2014 na aplicación presupostaria 44000.47200 para o importe de 1.109.439,32 correspondente ao período 1/07/2014 a 21/12/2014.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Regulamento comunitario (CE) 1370/2007, do 23 de outubro, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 871/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Regulamento de servizos das corporacións locais aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955 no que non se opoña ás disposicións citadas
- Lei 16/1987, do 30 de xuño, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT) e normativa complementaria coas modificacións introducidas pola Lei 9/2013, do 4 de xullo.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** O presente contrato debe ser cualificado como un contrato de xestión de servizo público, que segundo o artigo 8 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público serían aqueles polo que unha Administración encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo relativo a unha prestación que foi asumida como propia da súa competencia pola Administración encomendante. O transporte colectivo urbano de viaxeiros é un servizo de carácter obrigatorio ara os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, caso de Lugo, segundo dispón o artigo 26 da LRBRL.
O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de transporte regular de viaxeiros no Concello de Lugo. Segundo o disposto no artigo 277 do TRLCSP e



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 2/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

tendo en conta os elementos previstos no prego que configuran a retribución que percibirá a empresa contratista, a modalidade que adopta este contrato de xestión de servizos públicos é a concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e 67.4 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP.

**Terceiro.** Tras a emisión do preceptivo informe da asesoría xurídica municipal con data 20 de decembro de 2014, e á vista das observacións formuladas no dito informe en relación ao contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, procedeuse a levar a cabo as oportunas modificacións no clausulado recollendo as consideracións realizadas polo titular da asesoría xurídica.

I. No relativo ao prego de cláusulas administrativas particulares, foron recollidas modificacións nas cláusulas terceira, cuarta, sexta, sétima, oitava, décima, décimo primeira, décimo segunda, décimo terceira, décimo quinta, décimo novena, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo cuarta e vixésimo quinta. Por outra banda e ante a entrada en vigor da Lei 22/2013 de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e á vista da disposición adicional octoxésima oitava – Desindexación respecto a índices xerais de contratos do sector público – procede suprimir na cláusula cuarta relativa ó Prezo a referencia ó índice de revisión de prezos , polo que non se aplicará índice algún como referencia para a revisión do contrato. Estarase neste punto ó disposto na lexislación vixente.

Cómpre igualmente informar que as magnitudes e criterios cuantitativos utilizados para a elaboración dos criterios de solvencia económica, financeira e técnica (volume global da cifra de negocios, número de viaxeiros e número de quilómetros percorridos ao ano) foron establecidos tendo en conta os datos obtidos do actual contrato de concesión para a xestión do servizo de transporte urbano no Concello de Lugo, esixíndose un nivel de solvencia axitado a estes datos.

II. En relación ao contido do prego de prescricións técnicas, o grupo de traballo encargado da elaboración do mesmo celebrou unha reunión o día 13 de xaneiro de 2014 no que se analizou o informe e se procedeu a incorporar modificacións nas cláusulas II, III, XII, XIII, XV, XVIII, XXI, XXII, XXIII,, XXIV e XXV do prego.

**Cuarto.** Con data 10 de marzo de 2014 foi emitido informe de fiscalización por parte do interventor xeral do Concello, no que se realizan unha serie de observacións ao contido do expediente de contratación e en base ao cal se levan a cabo unha serie de modificacións tanto no estudio económico como no prego de cláusulas administrativas particulares.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 3/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**Quinto.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

**A) "PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO.**

**-------------------------------------------------------------------------------------------------------------**

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

E obxecto do presente contrato a **XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN, maila xestión dos canais de publicidade dos autobuses,** no ámbito do término municipal de Lugo, con estricta suxección ó presente prego e ó prego de



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 4/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

prescripcións técnicas elaborado polos diferentes servizos técnicos do Concello de Lugo. (en adiante PPT)
A xestión do servizo incluirá a achega de medios humanos, técnicos e materiais, a instalación, posta en funcionamento, mantemento e reparación dos autobuses e demais elementos auxiliares, a contratación do persoal necesario, a xestión de cobros, a xestión da publicidade, e en xeral todos os que resulten precisos para a correcta execución do servizo contratado.
O presente contrato contén a seguinte codificación segun o CPV 2008: 6001120006 "Servizo de transportes pola vía publica"
Acompañanse os seguintes anexos:
I Prevencion de riscos laborais.
II Declaracion responsable de vixencia dos datos anotados no Rexistro de licitadores
III Modelo de declaración responsable.
IV Estudio economico, ao que se engade a relación de vehículos, recibidos por reversión da anterior concesión.
V Información sobre os traballadores da actual concesionaria aos efectos previstos na clausula vixésimo segunda deste prego.

**SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**
Trátase dun contrato de xestión de servizo público, recollido e regulado nos artigos 8, e 275 e seguintes do texto Refundido de la Lei de contratos do sector público (RDLeg 3/2011 de 14 de noviembre) e concretamente na súa modalidade de concesión, pola que o empresario xestionará o servizo ó seu propio risco e ventura, segundo o disposto no artigo 277 a) do mesmo texto legal.
Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Regulamento Comunitario (CE) 1370/2007 de 23 de outubre sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e carretera.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 871/2009 de 8 de mayo polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas.
- Regulamento de Servizos das Corporacions Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 no que non se oponga as disposicións citadas
- Lei 16/1987 de 30 de xuño de Ordenación dos trasportes terrestres (LOTT) e normativa complementaria coas modificacións introducidas pola Lei 9/2013 de 4 de xullo
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 5/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

- Real Decreto 39/97 de 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCP, é a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo e dentro dos límites, e con suxeción ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.
Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

**TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO**
A duración do contrato será de DEZ ANOS contados a partires da acta de inicio da prestación do servizo, a cal deberá ser subscrita nun prazo máximo de TRES MESES dende a data de formalización do contrato administrativo.
O contrato poderá ser obxecto de unha o varias prórrogas, trala aprobación por parte do órgano competente se concorren as circunstancias previstas no artigo 72 da LOTT, ata un maximo de CINCO ANOS. A ditos efectos, o contratista adxudicatario terá que solicitar a devandita prórroga e presentar as correspondentes xustificacións cunha antelación mínima de seis meses ó remate do prazo contractual en vigor. En ningún caso a duración total do contrato incluidas as prórrogas poderá exceder de QUINCE ANOS.
Non obstante, se á finalización do periodo concesional non ten concluido o procedemento tendente a continuidade na prestación do servizo, o concesionario estará obrigado a continuar a súa xestión ata a finalización do devandito procedemento e, en todo caso ata ún maximo de dous anos se así o dispón o órgano de contratación, tal e como se establece no artigo 85 da LOTT.

**CUARTA. PREZO DO CONTRATO**
A retribución do concesionario consistirá nunha cantidade resultante de multiplicar o prezo unitario ofertado polo contratista adxudicatario polo número de quilómetros útiles percorridos durante o periodo contractual, tendo en conta, ademaís, o sistema de regulación da facturación que se especifica na claúsula vixésimo cuarta do presente prego.
O prezo por quilómetro, segundo se deduce do estudo económico financeiro do contrato, ascende á cantidade de 2,30 € (DOUS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS), sen perxuízo da oferta realizada polo contratista adxudicatario.
O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 60.799.083,42 euros, resultado de multipllicar o prezo máximo por quilómetro, polo número máximo de quilómetros a percorrrer durante o período contractual, incluíndo as prórrogas, os incentivos máximos que se preven neste prego así como as posibles modificacións previstas.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 6/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Existe consignación presupostaria na aplicación 44000.47200 do orzamento prorrogado para 2014.
De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2015 e seguintes queda condicionado á adopción do compromiso de habilitacion de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

**QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**
O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.
Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido neste prego.
Os licitadores deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato, expedida polo órgano competente do Estado ou no seu caso, polo da respectiva Comunidad Autónoma, ou similar a nivel europeo.
Igualmente deberá acreditar que conta alo menos cunha persoa física para exercer as funcións de xestor de transporte, e que a tal efecto deberá cumprir as condicións establecidas no artigo 47 da LOTT.
Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. (sen perxuizo do disposto na claúsula seguinte do presente prego) O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas

**SEXTA. COMPROMISO DE CONSTITUCION DUNHA SOCIEDADE.**
Coa finalidade de garantir o control das contas da empresa concesionaria en conexión có obxetivo de asegurar a estabilidade presupuestaria, o control do gasto e a utilización eficiente dos fondos destinados á execución do contrato, os licitadores **deberán incorporar á documentación administrativa, un compromiso de constituir unha futura sociedade anónima, titular da concesión, cuxo obxecto exclusivo sexa a xestión do contrato obxecto da licitación, cumprindo ademais os requisitos establecidos no presente prego,** no caso de resultar adxudicatarios.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 7/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

A constitución da sociedade titular da concesión en ningún caso poderá ser motivo para eludir as responsabilidades e compromisos asumidos polo licitador e que sexan derivados do contrato suscrito ou da normativa de aplicación.

**SETIMA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**
1. A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse mediante a presentacion dos seguintes documentos:
- Unha declaración de entidades financeiras que afirmen a suficiente solvencia da licitadora, ou licitadoras.
-Contas anuais da licitadora, ou de cada unha dos licitadoras, debidamente aprobadas e inscritas e, nas que se desprenda un resultado global **positivo** dos **tres** últimos exercicios.
Os empresarios que non se atopen obrigados a presentar as contas nos Rexistros oficiais porán aportar os libros de contabilidade como medio alternativo.
- Unha declaración sobre o volume global de negocios do licitador en cómputo anual, que acredite que excede en media dos tres últimos exercicios de **4.000.000 de euros**. No caso de que a proposición sexa presentada en representacion de varias personas físicas o xurídicas, o volumen global de negocios poderá acreditarse mediante a suma do das entidades partícipes, se ben, neste caso, unha das mesmas debera acreditar unha facturación dun mínimo de **2.000.000 de euros** e debera ter, alomenos un 25% de participación.
2.- A solvencia técnica será xustificada **obrigatoriamente polos medios seguintes:**

A) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración xurada do empresario.

Considerarase que o licitador reune a solvencia tecnica necesaria, se resulta acreditada a xestión dun servizo de transporte público urbano, ou metropolitano de viaxeros mediante autobuses, que dé servizo, alomenos, a **2.000.000 viaxeiros/ano** ou (alternativamente), preste servizo de transporte público urbano, ou metropolitano de viaxeros mediante autobuses con **1.500.000. Km. recorridos/ano**.

Faise constar que non seran computables, a estes efectos os servizos de transporte interurbano.

**B)** Debera acreditar, ademais, estar en posesion dos siguientes certificados:
- Certificado de cumprimento da norma UNE-EN 13.816 de transporte público de pasaxeiros.
- Certificado de implantación dun sistema de xestión ambiental conforme á norma UNE-EN ISO 14001.

**OITAVA. GARANTÍAS.**



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 8/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

8.1 Garantía provisional.
Será requisito imprescindible para concurrir á presente licitación,acreditar a constitución previa dunha garantia provisional por importe de **165.000 euros.**
Esta garantía xustificase pola relevancia economica do presente contrato, a súas dificultades técnicas e xurídicas, a súa longa duración e a necesidade de continuidade na prestación do servizo vixente ata o formalización do novo contrato.
A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. No caso de que a garantía fose constituída mediante aval ou contrato de seguro de caución a devolución realizarase de oficio, namentres que no caso de que fose realizada en efectivo, o representante ou persoa autorizada da empresa licitadora deberá solicitar a devolución e retirala na Tesourería Municiapal.
8.2. Garantía definitiva.
O licitador que resulte adxudicatario virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación , excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o do requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCP. De non cumprirse este requisito en prazo, entenderase que o licitador retiroú a súa oferta procedendose neste caso a recabar amesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedaran calsificadas as ofertas.
As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, isto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

**NOVENA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
Coa finalidade de facilitar a maior concurrencia, o Concello de Lugo publicará o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es), no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).
O prazo de presentación de proposicións será de **cincuenta e dous días naturais** contados dende a remisión do anuncio ó DOUE.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 9/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**DECIMA. ACLARACIÓNS AO CONTIDO DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.**
Os licitadores poderán solicitar as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos de condiciones tecnicas e economico administrativas, mediante correo electrónico na dirección contratacion@concellodelugo.org dentro do prazo de QUINCE DIAS naturais a contar dende o seguinte ó da remisión do anuncio ó DOUE. (data que sera publicada no propio perfil do contratante)
As preguntas ou aclaracions que se formulen, que fosen de interese para o conxunto dos licitadores por incluír calquera dato ou aclaración distinto da mera literalidade dos pregos, faranse públicas mediante a inserción da resposta no perfil do contratante para garantir a igualdade dos mesmos, no menor prazo posible, en en todo caso, diez dias naturais antes de que finalice o prazo de presentacion de proposicións.
Os prazos indicados neste apartado para formular preguntas ou aclaracións non paralizaran “a priori” os previstos para a presentación de proposicións, sen perxuizo, da tramitación regulamentaria que no seu caso proceda.
No mesmo prazo e previa solicitude, poderán examinarse os autobuses e os medios auxiliares que se adscriben ó servizo e que figuran como Anexos ó Prego de prescripcions técnicas e ó presente prego.

**DECIMO PRIMEIRA. PRESENTACION DAS PROPOSICIONS.**
As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, (B), PROPOSTA TECNICA RELATIVA OS CRITERIOS DE ADXUDICACION NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE e C) PROPOSTA ECONÓMICA E RELATIVA OS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE
Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula novena, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.
Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.
Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativas nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado, sen perxuízo da posibilidade de introducir as melloras previstas na cláusula décimo terceira.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 10/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**DÉCIMO SEGUNDA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

**O sobre denominado (A), documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual ( persoa física), copia autentica do DNI

b) Os restantes empresarios ( persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificacion se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislacion que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentacion de escritura ou documento de constitucion ou modificacion dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para esto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- **Declaración responsable** do licitador conforme ao modelo establecido no anexo III deste prego, outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

A xustificación do cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 11/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaracion responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaracion responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millon de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaracion de alta na matrícula do imposto

**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscripción nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscripción e incluir a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaracion responsable ( conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación**. A dita declaracion reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

**5. Autorización** do órgano competente para a realización de transporte público de viaxeiros e acreditación da existencia de persoa física que exerza as funcións de xestor de transporte, segundo o establecido na cláusula quinta deste prego de cláusulas administrativas particulares.

**6.- Xustificación da solvencia económica e técnica** polos medios indicados na cláusula sétima deste prego de cláusulas administrativas particulares.

**7.- Compromiso de constituir unha futura sociedade anónima titular da concesión**, cuxo obxecto exclusivo sexa a xestión do servizo público obxecto do contrato que se licita, cumprindo ademais os requisitos establecidos no presente prego, no caso de resultar adxudicatarios.

8.- No caso de que as propostas fosen presentadas por **estranxeiros**, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 12/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostracion pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participacion de empresas españolas na contratacion coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepctúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas emrpesas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio ( artigo 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.
Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.
Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello
**9. A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automáticamente o rexeitamento da proposición**
**O SOBRE DENOMINADO B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliables automáticamente**, conterá **exclusivamente** toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposición ofertadas, de acordo cos criterios non valorables automáticamente que se indican na **cláusula décimo terceira** deste prego.
**O sobre B non poderá conter información nin documentación que permita coñecer a oferta económica ou relativa aos criterios avaliables automaticamente, que debe estar no sobre C**
**O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.**
**O SOBRE DENOMINADO C, Proposición económica e relativa a criterios avaliables automáticamente,** conterá EXCLUSIVAMENTE o seguinte modelo, debidamente cuberto.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
A vulneración das obrigas contidas neste prego, ou no prego de prescricpcións técnicas, levaran consigo a imposición das sancions ou penalidades establecidas nesta claúsula, sen perxuizo da obriga do resarcimento dos danos e perxuizos que poideran ocasionarse ou da incoación do procedemento de resolución do contrato se fose procedente.
Faltas moi graves:

a) Calquera conduta constitutiva de delito doloso.
b) O manifesto incumprimento das obrigas esenciais derivadas do Prego de Condicións, na medida en que poidan poñer en perigo a boa prestación do servizo.
c) O abandono do servizo.
d) A demora no comezo da prestación do servizo superior a un mes sobre a data prevista.
e) A ocultación ou falseamento de datos e información esixibles polo Concello.
f) Transmision de acciones sin autorizacion
g) As calificadas como moi graves na lexislación sectorial (LOTT e normativa de desenvolvemento).

Faltas graves:

a) O incumprimento das resolucións e acordos dos órganos de goberno municipais, ditadas para cumprimento da boa marcha do servizo.
b) A falta de consideración cos usuarios nas súas relacións co servizo.
c) No asumir os custos de transferencia da titularidade e os seguros dos vehículos provenientes da reversión da anterior concesión a utilizar para a explotación do novo servizo durante o tempo de vida útil que lle reste a cada un deles, dacordo ás condicións de idade máxima e idade media da flota.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 27/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

d) No adoptar as medidas oportunas có fin de adaptar os vehículos á nova imaxe corporativa que se acorde para a totalidade da flota, dispoñendo dun prazo máximo de tres meses para a súa total adecuación.
e) A falta de mantemento e reparación dos autobuses e demais elementos auxiliares, (en especial mantemento das licenzas e aplicacións especificas do SAE).
f) A falta de prestación do servizo observando os estandars de calidade e seguridade establecidos ou comprometidos, de xeito reiterado.
g) A dificultade do acceso da administración para control e inspección das instalacións e vehiculos.
h) A falta de realización das auditorias ás que resulta obrigada.
i) A falta de realización dunha proposta de mellora do servizo de transporte urbano de Lugo nun prazo de un ano a partires da data de comenzo do servizo.
j) A falta de realización dun proxecto de regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros no termo municipal de Lugo nun prazo de un ano a partires da data de comenzo do servizo.
k) A falta de realización dos informes previstos no PPT establecidos na clausula de Réxime de control, coa rigurosidade e frecuencias previstas.
l) A falta de mantemento das pólizas de seguro ás que resulta obrigada.
m) Non achegar á factura correspondiente un estudio independiente que acredite mediante métodos estatísticos, o grado dos parametros establecidos cós nº 4, 5 e 6 na clausula vixésimo cuarta.
n) O retraso inxustificado da obriga de remisión dos datos necesarios para levar a cabo as liquidacións mensuais e realizar o control do sistema de pagamento.
o) As calificadas como graves na lexislación sectorial (LOTT e normativa de desenvolvmento).

Faltas leves:

a) O retraso, neglixencia ou descoido no cumprimento das funcións.
b) A lixeira incorrección cós usuarios.
c) O incumprimento de calesqueira obriga establecida neste prego, ou no prego de prescricpion técnicas, no considerada grave.
d) As calificadas como leves na lexislación sectorial (LOTT e normativa de desenvolvemento).

As faltas moi graves prescribiran ós doce meses, as graves ós seis meses e as leves ós tres meses.

Os incumprimentos se sancionaran como sigue:

As faltas moi graves serán sancionadas con multa entre 1.001 e 18.000 € sen perxuizo da incoacción do expediente de resolución do contrato.

As faltas graves seran sancionadas con multa entre 401 € e 1.000 €

As faltas leves serán sancionadas con multa ata 400 €

En canto o procedemento sancionador estarase o disposto na lexislación vixente aplicable ó réxime local có preceptivo trámite de audiencia ó concesionario.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 28/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

A efectos de graduación das sancións consideraranse especialmente ós seguintes criterios:
a) A existencia de intencionalidade
b) A natureza da perturbación xerada no servizo e dos perxuizos causados.
c) A reiteración ou reincidencia
Poren, iniciado un procedemento de imposición de sancións por calesqueira incumprimento, se a sociedade concesionaria recoñece no preceptivo trámite de audiencia a súa responsabilidade, resolverase o procedemento coa imposición da sancion que corresponda, e aplicaranse reduccións entre o 15% e o 25% da sanción proposta, tras a nova consideración dos criterios para a súa graduación.
O importe das penalidades previstas neste prego actualizaránse anualmente de acordo co sistema establecido para a revisión de prezos.

**VIXÉSIMO SEXTA. RESOLUCION DO CONTRATO.**
Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 282 e seguintes do TRLCSP, así como polas que de seguido se relacionan.
a) polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas como obrigas contractuais esenciais neste prego.
b) Por rescate do servizo, previo expediente tramitado regulamentariamente.
A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP.
Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.
Extinguida a concesión quedarán a favor do concesionario saínte os bens e instalacions que tivera aportado para a explotación do servizo, tal e como se establece no artigo 95.2 do Real Decreto 1211/1990 de 28 de septiembre polo que se aproba o Regulamento de ordenación do trasporte terrestre.

**A N E X O I**

**DATOS:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **EMPRESA:** | | | |
| **ENDEREZO:** | | | |
| **LOCALIDADE:** | | **PROVINCIA:** | |
| **PERSOA DE CONTACTO:** | | | |
| **TELÉFONO:** | | **FAX.:** | |



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 29/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

| 1º☐CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA | | | |
|---|---|---|---|
| **NOME:** | | | |
| **ENDEREZO:** | | | |
| **LOCALIDADE:** | | **PROVINCIA:** | |
| **PERSOA DE CONTACTO:** | | | |
| **TELÉFONO:** | | **FAX:** | |
| **ESPECIALIDADES CONTRATADAS:** | | | |
| **PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:** | | | |

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

**2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**
*** Xuntar a acta de Constitución.**

**3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO**
**Nome e Apelidos:**
**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:** **SELO DA EMPRESA**
**DNI:**
**FIRMA:**
**DATA:**

## ANEXO II

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL**

D./D.ª ...........................co D.N.I. n.º: ......................................., en nome propio ou en representación da empresa........................................................, inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º .................................., en calidade de .................................., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO declaro baixo a miña responsabilidade:**



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 30/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores ………………………………. ( indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1. …………………………………………………………………………….
2. …………………………………………………………………………….
3. …………………………………………………………………………….

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data ..........................................., mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ................................, a ....... de ............................ de 2013

Asdo:

**ANEXO III**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE ( só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscripción en Rexistro de licitadores)**

D./D.ª ..........................co D.N.I. n.º: ......................................., en nome propio ou en representación da empresa........................................................,en calidade de .................................., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflictos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 31/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.
En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.
Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.
............................,......... de............................. de...............
(Lugar, data e sinatura do licitador)"

**B) "PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIRAS/OS DE LUGO e mais a xestión das canles de publicidade presentes nos vehículos que conformen esta**

**I- OBXECTO DO CONTRATO**
Este prego establece as estipulacións técnicas que han de rexer tanto no procedemento de selección do contratista como na posterior execución do contrato, que ten por obxecto a concesión do servizo de transporte regular de viaxeiras e viaxeiros de natureza urbana, cuxa competencia corresponde ao Concello de Lugo, e mais a xestión das canles de publicidade presentes nos vehículos que conformen esta.

**II- ÁMBITO DE APLICACIÓN**
1.- O ámbito territorial da concesión é o ámbito comprendido no termo municipal de Lugo, facendo referencia expresa ao establecido no plan de mobilidade do Concello de Lugo. O devandito ámbito pode estenderse a outros territorios ou áreas urbanas ou metropolitanas que, por razóns de interese público ou de conveniencia corporativa, puidesen incorporarse, vindo obrigada a entidade concesionaria a prestar o servizo, nos termos previstos na lexislación vixente.
2.- O ámbito funcional da concesión comprende a achega pola entidade concesionaria, e ao seu cargo, de cantos medios humanos, técnicos e materiais resulten precisos para a correcta realización dos labores a que obriga a explotación e xestión dos servizos obxecto de concesión, conforme ao previsto neste prego e normativa aplicable.
3. A duración do contrato será de DEZ ANOS contados a partires da acta de inicio da prestación do servizo, a cal deberá ser subscrita nun prazo máximo de TRES MESES dende a data de formalización do contrato administrativo.
O contrato poderá ser obxecto de unha o varias prórrogas, trala aprobación por parte do órgano competente se concorren as circunstancias previstas no artigo 72 da LOTT, ata un maximo de CINCO ANOS. A ditos efectos, o contratista



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 32/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

adxudicatario terá que solicitar a devandita prórroga e presentar as correspondentes xustificacións cunha antelación mínima de seis meses ó remate do prazo contractual en vigor. En ningún caso a duración total do contrato incluidas as prórrogas poderá exceder de QUINCE ANOS.
Non obstante, se á finalización do periodo concesional non ten concluido o procedemento tendente a continuidade na prestación do servizo, o concesionario estará obrigado a continuar a súa xestión ata a finalización do devandito procedemento e, en todo caso ata ún maximo de dous anos se así o dispón o órgano de contratación, tal e como se establece no artigo 85 da LOTT.

**III- TITULARIDADE DO SERVIZO**
1.- Os servizos concedidos seguirán tendo en todo momento a cualificación de servizos públicos, cuxa titularidade corresponde ao Excmo. Concello de Lugo.
2.- Así mesmo, a titularidade das instalacións, infraestruturas, bens ou demais elementos que se afecten á concesión por parte do Concello de Lugo, terán en todo momento a cualificación xurídica de bens de dominio público.

**IV- RISCO E VENTURA**
O contrato entenderase concertado a risco e ventura da entidade adxudicataria.

**V- OBXECTO DA CONCESIÓN E CARACTERÍSTICAS**
1.- O obxecto da concesión é a prestación do servizo de transporte público regular de viaxeiras e viaxeiros urbano de uso xeral, e mais a xestión das canles publicitarias presentes nos vehículos que conforman a concesión, de acordo coas seguintes características:

1.1.- De natureza permanente, cuxos itinerarios se establecen no anexo liñas e poderán ser obxecto de mellora polas entidades licitadoras de xeito compatible co plan de mobilidade da cidade de Lugo (dispoñible en: http://www.lugo.es/cs/Satellite?c=Spark_TextGenerico&cid=1227492311067&idioma=gl&pagename=Lugo%2FSpark_TextGenerico%2FLugoTexto&tipoLetra=Texto1). Asemade, estas liñas poderán modificarse para a súa ampliación ou redución en función das necesidades do servizo téndose en conta o réxime de prezos unitarios descrito no prego.

1.2.- Xestión de canles publicitarias presentes nos vehículos que forman parte da concesión

2.- O servizo de transporte obxecto desta concesión discorrerá integramente no ámbito territorial definido de acordo co establecido no Plan de mobilidade do Concello de Lugo.
3.- O citado servizo ten a natureza de transporte urbano e metropolitano (segundo proceda), para o que a entidade adxudicataria deberá prover os elementos necesarios para este, incluíndo tanto instalacións, equipamentos embarcados, material rodante, material de apoio, persoal necesario e cantos elementos se esixen no prego ou sexan necesarios para o desenvolvemento do servizo de conformidade coa normativa vixente en cada momento ao longo do período da concesión, asumindo o seu custo.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 33/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**IV- SERVIZO PERMANENTE**

1.- Sobre este servizo, deberá efectuarse unha **proposta técnica** que defina o servizo ofertado pola entidade licitadora e o seu desenvolvemento ao respecto e a **proposición económica** á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas.

2.- O servizo está formado actualmente por 25 liñas, cuxa descrición xenérica e lonxitudes se atopan no "anexo liñas".

**VII- CALENDARIO E HORARIOS**

1.- Todas as liñas que integran o servizo funcionarán durante todo o ano.

2.- Os tipos de horarios xerais existentes para o servizo diúrno serán os seguintes:

2.1.- Período **ordinario** (desde o día do mes de setembro que o Concello de Lugo estableza cada ano ata o día 15 de xullo, ambos os dous inclusive): os horarios e intervalos de paso varían segundo se trate dun día laborable, sábado ou festivo.

2.2.- Período de **verán** (do 15 de xullo ata o día do mes de setembro que o Concello de Lugo estableza cada ano, ambos os dous inclusive): os seus horarios e intervalos de paso varían en días laborables, sábados (en xeral coincidentes cos de período ordinario) ou festivos (en xeral coincidentes cos de período ordinario).

2.3.- Períodos da festividade de **San Froilán** (mes de outubro) ou outras festividades que teñan consideración similar, así recoñecidas polo Concello de Lugo.

3.- Entenderase por servizo nocturno para os efectos do cómputo horario aquel que así se estableza polo convenio laboral que sexa de aplicación, se é o caso.

4.- Estes horarios aplicaranse conxuntamente a todas as liñas do servizo, sen prexuízo de que, por causas suficientemente xustificadas, o Concello de Lugo poida atribuír outro horario a liñas concretas, introducindo modificacións temporais nos establecidos con carácter xeral. En tal caso, a eficacia da medida adoptada será inmediata unha vez comunicada á entidade concesionaria.

5.- Os horarios detallados de inicio e fin do servizo, os intervalos de paso, o número de expedicións, os tempos de expedición e o número de vehículos necesarios en cada día tipo serán obxecto de oferta polas entidades licitadoras.

**VIII- PREVISIÓN DE AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS**

1.- Segundo o plan de mobilidade da cidade de Lugo, están previstas as seguintes ampliacións de servizos ou creación doutros novos novos, que se implantarán paulatinamente e sempre tras a aprobación do órgano competente, especialmente as citadas como 1.3 e 1.4, cuxo inicio está vinculado ao crecemento de cidade, con suficiente demanda potencial:

1.1.-Servizo núcleo antigo: crearase un servizo interno ao núcleo antigo ou ben cubrirase mediante unha liña de nova creación. Este servizo realizarase con vehículos máis pequenos que os estándares e as súas características e percorridos deberán ser consensuados co Concello de Lugo, aínda que



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 34/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

igualmente deberán ser obxecto de oferta polas entidades licitadoras. Destinarase, ao menos, un vehículo a este servizo.
1.2.- Melloras en frecuencias de liñas (HULA)
1.3.- Mellora na densidade de tráfico nos polígonos industriais da cidade
1.4.- Solución de mobilidade e servizo para a zona rural de Lugo
1.5.- Solución transporte urbano no barrio da Ponte.

**IX- SERVIZO PARA O QUE SE REALIZA A OFERTA DE COMPROMISO DE VIAXEIROS/AS.**

1.- A oferta sobre o compromiso inicial de viaxeiras/os a que se refire o prego realizarase, como mínimo, para o servizo definido neste artigo, é dicir, o servizo descrito nos apartados anteriores, engadíndose compromiso adicional segundo a oferta presentada polas entidades licitadoras.

O adxudicatario deberá, nun prazo de 12 meses a partir do inicio do servizo, analizar o comportamento da demanda de viaxeiras/os e propoñer unha planificación de obxectivos de mellora ligados a este parámetro en termos porcentuais ao longo do período de concesión, que servirán para a calibración do sistema de incentivos/penalizacións, ligado ao aboamento dos custos da concesión.

2.- Non obstante o anterior, o Concello de Lugo podería, por causas xustificadas, variar o servizo aquí descrito ata nun máximo do 20%. Neste caso, modificarase o compromiso de viaxeiras/os ofertado segundo o estipulado no prego.

**X- SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL**

1.- Considéranse como tales os que, tendo natureza urbana:

1.1.- Se prestan por unha soa vez durante un período de tempo non superior a un ano, tales como os de feiras, exposicións e acontecementos similares de carácter extraordinario.

1.2.- Se prestan de forma descontinua, pero periódica ao longo do ano con motivo de acontecementos periódicos, tales como mercados e feiras ordinarias, os cales non poderán ter unha periodicidade superior a oito días ao mes.

Estes servizos poderán ser obxecto de mellora polas entidades licitadoras.

2.- O adxudicatario poderá prestar este servizo. Nestes casos, a entidade concesionaria deberá obter autorización previa outorgada polo Concello de Lugo, e será esta quen determinará a forma tanto de prestación coma de aboamento do servizo.

3.- Con carácter xeral, o réxime de retribución por este servizo será o mesmo contemplado para o servizo permanente.

**XI- RÉXIME DE ESTABLECEMENTO DE PARADAS**

1.- Correspóndenlle ao Concello de Lugo, como un elemento máis integrante da definición do servizo, as seguintes atribucións e responsabilidades:

1.1.- Determinación do número de paradas, a súa localización e definición das súas características.

1.2.- Implantación material das paradas, mobiliario (marquesiñas e postes), paneis de información en tempo real do sistema de axuda á explotación e



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 35/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

sinalización, comprendendo tanto as obras de urbanización da parada como a instalación do mobiliario (marquesiñas e postes), dos paneis do SAE e da sinalización horizontal e vertical, así como a súa conservación, reparación e eventual cambio de localización.

2.- Correspóndelle á entidade concesionaria unicamente:

2.1.- A emisión de observacións no procedemento de modificación de paradas nos termos establecidos nos pregos,

2.2.- A proposta de modificación da localización das paradas, conforme ao establecido nos pregos.

2.3.- A colaboración, conforme ao establecido no prego cando fose requirida para iso polo Concello de Lugo.

2.4.- A información sobre o servizo nas paradas utilizando os espazos destinados para este fin no mobiliario urbano instalado polo Concello, ou outro mobiliario que dispoña o Concello de Lugo (infobus).

2.5.- No caso de cambios temporais do servizo motivados por obras, tráfico ou calquera outra circunstancia no que se utilicen paradas provisionais, será responsabilidade da entidade concesionaria sinalizar as ditas paradas cos postes provisionais dos que disporá para o efecto.

2.6.- A comunicación ao Concello de Lugo de cantas incidencias se produzan nas paradas, como danos, falta de limpeza, fallos nos paneis do SAE, etc.

3.- As paradas poderán ser terminais, discrecionais ou de regulación.

3.1.- As cualificadas como terminais ou cabeceiras de liñas serán obrigatorias e servirán para a regularización dos horarios. O autobús deberá permanecer estacionado nelas durante todo o período necesario para tal regulación de horarios.

3.2.- As discrecionais son aquelas nas que o vehículo só se deterá se hai persoas na parada, en situación de espera, ou se as persoas usuarias así o solicitan a través do timbre instalado no vehículo.

3.3.- As de regulación son paradas discrecionais ás que se asignou un punto de control intermedio do cumprimento do horario de paso teórico. O autobús deberá axustar a súa marcha para que o seu horario de paso por estas paradas sexa o valor teórico establecido, tendo ademais en conta as marxes de desviación previstas nas condicións de puntualidade necesarias.

No caso de que o seu horario de paso sexa anterior ao devandito valor, o vehículo deberá deterse nestas paradas, aínda non existindo persoas en situación de espera nelas, nin tendo sido solicitado polas persoas usuarias mediante o timbre instalado no autobús, salvo no caso das liñas cuxo servizo se defina por frecuencia, se é o caso.

4.- En todo caso, as e os condutores deberán de efectuar as manobras de aproximación ás paradas de forma que se sitúen o máis cerca á beirarrúa que fose posible.

**XII-VEHÍCULOS**

1.- Os autobuses necesarios para a prestación do servizo agrúpanse en tres categorías:



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 36/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

1.1.-**Autobuses FIXOS**: son os autobuses que prestan o servizo en cada liña de forma continuada ao longo dun día, ou ben cunha dedicación igual ou superior á media xornada. O seu número mínimo é o necesario para prestar o servizo un día laborable.
1.2.- **Autobuses de REFORZO**: son autobuses que circulan en determinadas liñas de forma puntual, pero programada para potenciar o servizo. O seu número mínimo é o necesario para reforzar o servizo un día laborable.
1.3.- **Autobuses para RESERVA, REVISIÓN ou AVARÍA**: é o conxunto de autobuses suplementario co que se debe contar para cubrir as avarías e revisións. Definidos como autobuses situados nun punto céntrico da rede, que serven para substituír autobuses fixos ou, se é o caso, de reforzo, que queden fóra de servizo. Estes autobuses atoparanse todos os días do ano no seu posto de reserva durante o horario que estableza o Concello de Lugo, e cubrirán as incidencias na totalidade da rede.

O número de autobuses de reserva fíxase en dous vehículos, e o devandito número haberase de manter en todo momento mentres se preste o servizo, salvo nos períodos que poida ser reducido debido ao escaso número de vehículos en funcionamento. Este número poderá ser modificado polo Concello de Lugo xustificadamente.
Desta forma, o número mínimo total de autobuses ou flota será a suma do número de autobuses correspondentes a FIXOS (día laborable) + REFORZOS + AVARÍAS + RESERVA (2).
Entendese que o prazo en que os vehiculos de reserva teñen tal consideración e de 72 horas dende a súa saída para atender o seu cometido. En caso de ter que ser empregados por razóns do servizo durante mais tempo que o estipulado, perderan a condicion de reserva, e esta reserva debera ser novamente reposta constando de dous vehiculos.

O Concello de Lugo especificará en todo momento, de acordo cos criterios aquí enunciados, o número mínimo de vehículos que conforma a flota de autobuses.
2.- Son autobuses necesarios para manter as liñas descritas no anexo "liñas" os que se mencionan no anexo denominado "Material móbil" e suxeitos á reversión na actual concesión.
3.- A flota de autobuses actual irase renovando de acordo coas necesidades de servizo e os programas de renovación de flota que, para ese efecto, sexa obxecto de oferta polas entidades licitadoras. Tendo en conta para iso o anexo de material móbil (condicións de idade media e máxima dos vehículos) e as necesidades de vehículos derivadas do servizo requirido/ofertado en virtude deste prego, que deberán estar contempladas na oferta que as entidades licitadoras acheguen.
4.- As características básicas dos novos vehículos que sexan incorporados están definidas no anexo CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS INICIAIS DOS VEHÍCULOS NOVOS, características que poderán ser melloradas en todo caso nos vehículos ofertados, e que terán en conta en todo caso a atención aos colectivos con diversidade funcional e aspectos medioambientais. En todo caso, os vehículos



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 37/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

reunirán as condicións mínimas establecidas pola normativa vixente, e serán obxecto de oferta polas entidades licitadoras.

Os vehículos no inicio do servizo, que irán sendo revisados polo Concello de Lugo para a renovación da flota figuran como anexo "Material móbil".

5.- No momento en que sexa necesaria a venda dos vehículos propiedade do Concello de Lugo adscritos á prestación do servizo e que están suxeitos a reversión, e deban ser substituídos, esta venda será xestionada pola entidade concesionaria, tras valoración polo persoal técnico do Concello de Lugo e a súa desafección do servizo. O importe económico da venda reverterá no Concello de Lugo, aplicándose á mellora do servizo de transporte urbano.

6.- O mantemento e conservación dos vehículos, así como os seus seguros, correspóndenlle á entidade concesionaria, que é titular deles, o cal deberá efectuar todas aquelas revisións que sexan necesarias para, por unha banda, evitar que se produzan avarías durante a prestación do servizo e, por outra banda, garantir a plena seguridade e comodidade da persoa usuaria.

7.- Para iso a entidade concesionaria deberá contar cun **plan de mantemento,** que estará perfectamente estruturado e documentado. Este plan de mantemento presentarase coa oferta para a súa valoración na licitación, e no que se especificarán as operacións de mantemento preventivo e a súa metodoloxía de execución, cos seus puntos de control e a súa periodicidade, así como as revisións periódicas obrigatorias, debendo estar necesariamente coordinado co calendario e horario de prestación do servizo, independentemente das tarefas de mantemento correctivo que puidesen interferir neste plan. No devandito plan de mantemento deberán estar contemplados todos os elementos do vehículo, tanto mecánicos como accesorios para a realización do servizo (entre eles recollerase expresamente o correspondente ás ramplas de persoas con diversidade funcional), elementos de hardware, canceladoras, e software embarcados. Neste plan de mantemento estarán marcados obxectivos de:

7.1.- Inmobilización de flota: cociente en tanto por cento entre o número de autobuses en revisión ou avaría para considerar e o número total de autobuses da flota.

7.2.- Fiabilidade de flota: correspondente ao número mínimo de km entre avarías, entendendo esta cifra como o cociente de dividir o total de km percorridos pola totalidade de vehículos durante un ano, polo número total de avarías acaecidas en servizo a estes vehículos no mesmo período.

7.3.- Consumo de combustibles: consumos unitarios máximos de combustible para cada tipo de vehículos.

Cada vehículo deberá contar co seu expediente correspondente definido no plan, no que se detallen como mínimo, as operacións de mantemento realizadas, as súas incidencias, os seus períodos de inmobilización, así como o seu consumo de combustible e distancias percorridas.

8.- A entidade concesionaria deberá contar así mesmo cun **plan de limpeza** dos vehículos que será igualmente obxecto de oferta. Nel deberá detallarase a limpeza e conservación prevista dos distintos elementos dos vehículos así como a súa



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 38/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

frecuencia. Como consecuencia do anteriormente descrito, os autobuses presentarán en todo momento un perfecto estado de conservación e limpeza.
9.- Para o seguimento e xestión do plan de mantemento e do plan de limpeza, a entidade concesionaria deberá rexistrar cada operación de mantemento ou limpeza nunha base de datos deseñada para o efecto, e contar cunha aplicación informática que, a partir dela, emitirá informes sobre os requisitos anteriores, en formato compatible coas ferramentas ofimáticas de uso máis estendido, e á que o Concello de Lugo poderá ter acceso telemático permanente se así o decidise, do mesmo xeito que á base de datos de rexistro de operacións. A entidade concesionaria deberá presentar periodicamente o seguimento dos citados plans, cos seus informes para o conxunto da flota e por familias de vehículos, os expedientes de cada vehículo e os indicadores correspondentes.
10.- En canto ás características exteriores e interiores dos vehículos con relación á súa imaxe, deberán adaptarse á imaxe corporativa do Concello de Lugo

**XIII- PUBLICIDADE D E INFORMACIÓN**
1.- A publicidade e información serán obxecto de oferta polas entidades licitadoras.
Enténdense afectos á explotación das canles publicitarias todos os vehículos destinados ao transporte de viaxeiras/os que compoñen a flota da concesión administrativa de transporte público de viaxeiras/os do Excmo. Concello de Lugo.
No anexo "Material móbil" indícanse os vehículos que actualmente compoñen a flota, para os efectos desta contratación, aos que haberá que engadir os ofertados polas entidades licitadoras, incluíndose as localizacións e medidas dos espazos asignados para a publicidade en virtude do deseño proposto polas entidades licitadoras.
2.- A publicidade interior e exterior acomodarase ás localizacións e medidas descritas no proxecto de deseño ofertado, con independencia da publicidade integral traseira que terá outras medidas para determinar pola concesionaria do transporte en función da marca e modelo de vehículo e as seguintes características:
2.1.- A publicidade exterior irá estampada en impresión dixital e colocada sobre a carrozaría do vehículo, ou en soportes axeitados para isto, sempre que non obstrúa as reixas de ventilación, na traseira e nos laterais dos vehículos. Serán por conta da entidade adxudicataria os gastos que se deriven da instalación, mantemento e conservación da publicidade inserida repoñendo os anuncios que sufran deterioración, con independencia da causa que a orixine, así como asumir o custo dos danos no vehículo producidos ao ser instalados ou retirados.
2.2.- As ofertas describirán o sistema que se vai empregar e incluirán unha reportaxe fotográfica ou infografía ilustrativa. Os anuncios publicitarios, tanto exteriores coma os proxectados no interior, deberán respectar a normativa vixente en cada momento sobre visibilidade, saídas de emerxencia, etc., e cumprirán as disposicións sobre inspección técnica de vehículos. En concreto, non deberán afectar a visibilidade da ou do condutor respecto das persoas pasaxeiras no momento de descender ou subir ao vehículo.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 39/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

2.3.- Respecto á publicidade interior, realizarase esta mediante a proxección en monitores planos, cuxos gastos de adquisición, instalación e mantemento serán a cargo da entidade adxudicataria. A instalación dos monitores farase no lugar que indique a empresa concesionaria do transporte urbano segundo o modelo de autobús.

2.4.- A inserción dos anuncios efectuaraa a entidade adxudicataria, de xeito que esta se realice nos momentos en que os vehículos se atopen en repouso nas cocheiras, de xeito e maneira que non se entorpeza o horario e réxime de prestación de servizos ás viaxeiras/os a que están destinados.

2.5.- Cando pola implantación dos anuncios sexa necesario modificar o anagrama e rotulación dos autobuses, a entidade adxudicataria deberá presentar a proposta sobre a nova rotulación, así como o anagrama, e deberá ser autorizado polo Excmo. Concello de Lugo o cambio destes. Será por conta da entidade adxudicataria o custo das anteriores operacións en caso da súa autorización.

2.6.- A publicidade que se insira ou proxecte será de índole estritamente mercantil ou comercial.

2.7.- En ningún caso se admitirá a inserción de anuncios que atenten contra a lei, a dignidade das persoas, a igualdade ou calquera outro aspecto discriminatorio ou ofensivo.

2.8.- O adxudicatario comprometerase á colocación a solicitude do Concello de Lugo, da publicidade institucional interior e exterior que este demande, empregando en cada momento aqueles autobuses que non se atopen comprometidos en campañas publicitarias subscritas pola entidade adxudicataria, e reservarase co mesmo fin un espazo diario dunha hora todos os días do ano para a proxección da publicidade institucional interior, sen cargo ningún para o Concello.

2.9.- A publicidade que se implante deberá suxeitarse, en todo caso, á lexislación e regulamentación municipal aplicable.

3.- O canon mínimo que satisfará a entidade adxudicataria no referente á publicidade para xestionar nos ámbitos descritos será de: 69.000 euros anuais para a publicidade exterior e interior, que poderán ser mellorados á alza nas ofertas.

**XIV.- PLAN DE INTRODUCCIÓN DE ENERXÍAS MENOS CONTAMINANTES**

1.- Os autobuses da flota poderán utilizar diésel, GNV (sempre dentro da normativa de emisións vixente en cada momento), etc. Admitiranse tecnoloxías hibridas ou eléctricas que contribúan a mellorar a eficiencia do sistema, sendo responsabilidade da entidade adxudicataria o mantemento dos niveis de dispoñibilidade e calidade do servizo.

2.- Os novos vehículos que se incorporen á concesión como consecuencia dos sucesivos programas de renovación de flota, deberán dispoñer de certificado da súa aptitude para utilizar os combustibles ou medios de propulsión ofertados en cada caso.

3.- O Concello de Lugo poderá aprobar outro plan de introdución de enerxías menos contaminantes ou modificar o actual, nese caso incorporaríanse as modificacións necesarias ás características básicas dos vehículos.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 40/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**XV.- SISTEMAS DE PAGAMENTO**

1.- A entidade concesionaria deberá dispoñer dun sistema de pago que permita o aboamento polas persoas usuarias das tarifas vixentes en cada momento mediante a tarxeta cidadá expedida polo Concello de Lugo ou por un terceiro, se así o autoriza este, podendo autorizarse no seu momento outros dispositivos tecnolóxicos asimilables ao longo do tempo de concesión para adecuarse ás novidades tecnolóxicas futuras.

A entidade concesionaria queda obrigada a seguir as instrucións do Concello de Lugo para o correcto funcionamento do sistema de pagamento, adaptándoo ás modalidades de xestión que en cada momento puidese implantar o Concello de Lugo, sendo as actuais como a continuación se explicita:

A entidade concesionaria será responsable de manter a funcionalidade e operación da tarxeta cidadá do mesmo xeito que o fai a concesionaria actual.

Trátase dunha tarxeta con interface dual, con contactos para recarga en caixeiros da entidade financeira colaboradora e pagos do moedeiro xeral, e sen contactos por radiofrecuencia (10 cm) para pagos no moedeiro de transportes. Emprega un só microprocesador para encriptar/activar áreas de memoria accesibles para funcións con e sen contactos.

Toda a operación da tarxeta cidadá está totalmente integrada coa tarxeta metropolitana de Galicia (TMG), polo que a compatibilidade na operación deberá estar garantida para todos os servizos que se oferten.

Na oficina do Concello que xestiona a tarxeta cidadá existe un sistema de xestión da tarxeta (SXT), encargado da xestión completa e da operación da mesma, como é a xestión de titulares, tarxetas, solicitudes de altas, baixas e bloqueos, rexistro dos identificadores de servizo e elementos de seguridade (autenticación, autorización e auditoría), etc. Este sistema incorpora tamén software para traspasos de información entre as empresas concesionarias dos servizos, o Concello e a entidade financeira colaboradora.

En virtude dun convenio existente, a entidade financeira colaboradora colabora coa CECA para homologar os dispositivos de cobro. Os produtos homologados son fundamentalmente os módulos SAM, as canceladoras, así como o software que acceda a estes dispositivos de cobro (software de xestión, TPVs virtuais, etc.). A empresa concesionaria deberá enviar a homologación da entidade financeira colaboradora todos os dispositivos e software relativo aos cobros coa tarxeta cidadá que empregue.

Existe na actualidade un conxunto de traspasos de información definidos, operados vía FTP, que afectan ás empresas concesionarias (prestadoras dos servizos da tarxeta), entidade financeira colaboradora, Concello de Lugo e a empresa de personalización de tarxetas.

A empresa concesionaria de transportes deberá implementar os mesmos servizos de intercambio de arquivos de que dispón a concesionaria actual, en especial no tocante ás estruturas de datos, protocolos e procedementos de intercambio, etc. Estes arquivos refírense principalmente ás recargas de tarxetas, as colectas (que se envían directamente á entidade financeira colaboradora), usos da tarxetas, etc.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 41/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

O Concello de Lugo terá acceso aos arquivos de recargas, colectas e usos, debendo integrarse no protocolo de intercambio de arquivos do sistema de xestión da tarxeta, no caso de estar contemplado na aplicación de xestión, para poder levar a cabo as tarefas de xestión e control que se requiran.

A entidade concesionaria do concurso subscribirá os convenios e contratos da empresa concesionaria actual con todas as entidades implicadas na xestión e operación da tarxeta cidadá no relativo á dita xestión e operación, como poden ser a entidade financeira colaboradora ou a Xunta de Galicia, esta última no relativo á tarxeta metropolitana.

Do mesmo xeito que o fixo a concesionaria actual, a nova empresa concesionaria deberá asinar todos os acordos de confidencialidade pertinentes coa entidade financeira colaboradora e calquera outra entidade relacionadas coa tarxeta cidadá que así o requira, co gallo de manter a seguridade na xestión dos módulos SAM, intercambio seguro de arquivos, encriptación de datos, xestión de usuarios, etc.

A concesionaria deberá empregar un sistema igual ao actual no relativo ao uso de contas “float” na entidade financeira colaboradora, para a operación das recargas das tarxetas.

Todos os procedementos e operacións relacionados coa tarxeta cidadá deberán ser debidamente probadas tras a entrada en produción do servizo, podendo o Concello de Lugo esixir a realización das probas que considere oportunas antes de proceder á aceptación do servizo.

No caso de que se oferte a implantación dun portal web da cidadanía, debería terse en conta a súa integración na web municipal, o acceso das persoas usuarias co número de tarxeta e PIN (no caso de requirirse identificación para algunhas funcionalidades), información xeral e FAQs.

Todos os procesos deberán estar suxeitos ao sistema de xestión de calidade ISO 9001 así como á LOPD, debendo estar todos os arquivos declarados na AEPD.

2.- O medio de pagamento deberá garantir non obstante o cumprimento das características básicas sinaladas na cláusula segunte, que son cumpridas polo sistema actualmente instalado nos autobuses no  que a entidade concesionaria debera subrogarse ou ben  propoñer a sua renovacion.

## XVI- EQUIPAMENTO EMBARCADO A BORDO DOS VEHÍCULOS

1.- Todos os autobuses adscritos ao servizo deberán dispoñer do seguinte equipamento: Dispositivo dispensador de tíckets atendida pola persoa condutora-cobradora do vehículo e canceladora autónoma, situada en lugar próximo ao anterior. Aceptará soamente as cancelacións de persoas usuarias que non fagan uso dunha tarxeta de transporte que requira identificación. Non é atendida pola persoa condutora-cobradora, pero debe poder estar controlada por este durante o tempo de subida das persoas usuarias antes de iniciar a marcha.

Adicionalmente, deberá contar con equipos de substitución dos dispositivos dispensadores de tíckets e canceladoras suficientes para substituír nunha mesma xornada o 20% do total de autobuses da flota en caso de avaría dos seus equipos.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 42/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

A entidade adxudicataria deberá ter ademais en conta que calquera canceladora ou dispositivo dispensador de tíckets avariado durante unha expedición deberá ser substituído de forma inmediata na seguinte parada terminal. A avaría dunha canceladora ou dispositivo dispensador de tíckets será causa suficiente para a substitución dun autobús, debendo o vehículo substituído proseguir a viaxe ata a seguinte parada terminal en que quede sen pasaxeiras e pasaxeiros.

2.- Este equipamento embarcado deberá realizar as seguintes funcións:

- Expedir títulos de transporte en papel.
- Cancelar tarxetas sen contacto e imprimir o xustificante correspondente en caso de requirirse.
- Ler e recuperar os datos das tarxetas.
- Emitir avisos audibles que informen a persoa condutora sobre a operación realizada.
- Anular as últimas transaccións realizadas se así se require.
- Permitir o rexistro e consulta de tarxetas avariadas.
- Identificar a parada de forma automática a partir dos datos achegados polo sistema de axuda á explotación.
- Xestionar a información das inspeccións realizadas a bordo e transferilas desde un equipo de inspección.
- Xestionar a información das persoas condutoras (quendas, servizos, etc.).
- Emitir informes sobre operacións realizadas.
- Exportar por medios informáticos toda a información almacenada.
- Garantir a integridade da información procesada ante calquera avaría e permitir o seu transvasamento a outro dispositivo similar.
- Actualizar a súa configuración e software por medios remotos (telemantemento).
- Monitorizar de forma centralizada as alarmas técnicas do autobús e do sistema de pagamento.
- Xestionar a información dos paneis informativos interiores e exteriores de forma integrada co sistema de axuda á explotación.

3.- O equipamento embarcado, así como o sistema de pagamento, deberá estar perfectamente integrado e sincronizado co sistema de axuda á explotación. Garantirase a dita integración no relativo a:

- Comunicación do equipamento embarcado do medio de pago co equipamento embarcado do sistema de axuda á explotación.
- Comunicación entre ambos da posición física e lóxica (parada).
- Sincronización da hora.
- Aproveitamento mutuo das canles de comunicación do autobús co exterior.
- Compartir os datos dispoñibles nas bases de datos para evitar duplicar os datos de paradas, servizos etc., de maneira que o sistema sexa estable, evite incongruencias e descoordinación, e o esforzo de introdución e mantemento dos datos de forma duplicada.
- Xestión de datos de pasaxeiras e pasaxeiros, sistemas de reconto de persoas pasaxeiras subidas, baixadas e a bordo, por paradas e por tramos.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 43/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

- Envío en tempo real ao terminal central, autoxestión ante alarmas técnicas etc.
- Xestión automática dos paneis informativos.

**XVII-EQUIPAMENTO FIXO**

Son as instalacións físicas onde se sitúen os autobuses e deberán contar co seguinte equipamento:

**1.- Terminal central:** equipo consistente esencialmente nun servidor informático onde se recompila e xestiona a través da aplicación ou programa informático correspondente toda a información xerada ou recolleita polos equipos anteriores, e desde onde se lles remite a eles a información que estes precisen para o seu correcto funcionamento (parametrizacións, listas, etc.)

O Concello de Lugo terá acceso ilimitado aos sistemas para a supervisión do servizo.

O terminal central estará dotado dun ordenador/servidor, pantallas, teclados, impresoras, infraestrutura de rede adicional, incluíndo a electrónica activa necesaria. A aplicación ou programa informático que cubra as tarefas de control, monitorización e xestión do sistema permitirá ao menos as seguintes funcións:

- Controlar, xestionar e monitorizar todo o sistema.
- Operar desde un posto remoto, tanto a través de servizos Web, como da instalación dun cliente no ordenador dun posto remoto.
- Acceso xerarquizado e con diferentes privilexios para os diferentes perfís de usuario e as diferentes funcionalidades. Adicionalmente débese permitir o acceso para control e monitorización por parte do Concello de Lugo.
- Xestión dos datos relativos ás transaccións realizadas con todas as tarxetas.
- Xestión das comunicacións durante o servizo cos sistemas embarcados, segundo requisitos de descarga e comunicacións.
- Transmisión de datos de servizos, expedicións, liñas, paradas, vehículos, etc., a partir da información xestionada polo sistema de axuda á explotación.

**2.- Infraestrutura de comunicación**: consistente en todo o instrumental e equipamento necesario adicional para a comunicación física dos distintos equipos relacionados anteriormente, que requiran fluxo de información entre si, e entre o terminal central e Concello de Lugo nos aspectos que esta determine.

**XVIII- CONTROL DO SISTEMA DE PAGAMENTO**

1.- Co obxecto de garantir a fiabilidade dos datos aportados sobre viaxeiras/os e ingresos, e o control económico e operativo do servizo, o Concello de Lugo terá acceso *“on-line”* a toda a información xerada polo sistema de pagamento, mediante os sistemas informáticos asociados á concesión.

2.- Con independencia do anterior, a entidade adxudicataria remitiralle, polo menos, semanalmente ao Concello de Lugo un ficheiro co conxunto de operacións realizadas ás tarxetas durante a semana inmediatamente anterior.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 44/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Así mesmo, e coa mesma periodicidade, a entidade concesionaria deberá informar sobre as incidencias ocorridas no sistema de pagamento, así como as medidas tomadas para liquidalas.

3.- O Concello de Lugo definirá o procedemento de transmisión para garantir o envío dos datos en condicións de fiabilidade, seguridade e rapidez. A entidade concesionaria asumirá o sistema actual de transmisión, que deberá ser modificado ou mellorado a petición do Concello.

4.- Será responsabilidade da entidade concesionaria tanto a fiabilidade dos datos aportados como a realización correcta e puntual da súa transmisión. Para iso terase en conta os seguintes requisitos:

4.1.- O formato e contido así como a forma de envío do ficheiro será o que en cada momento estableza o Concello.

4.2.- Os datos xerados nun día concreto que non poidan ser remitidos seranlle sistematicamente comunicados ao Concello, xustificándose de forma razoada a causa que ocasionou a dita imposibilidade. Os devanditos datos remitiranse de forma inmediata axiña que estean dispoñibles.

4.3.- Será responsabilidade da entidade adxudicataria asegurarse que os ficheiros remitidos foron procesados dunha forma correcta polos sistemas informáticos do Concello, e que os devanditos sistemas están ofrecendo información fidedigna das cancelacións e demais transaccións realizadas, para o que se lle dará acceso restrinxido a eles.

4.4.- O adxudicatario deberá notificar calquera discrepancia que detecte na información almacenada nos sistemas informáticos do Concello con respecto á que entendese que remitiu, solicitando a súa corrección de forma xustificada. O Concello determinará entón se procede ou non a dita actualización.

4.5.- Transcorridos 30 días naturais desde o procesamento nos sistemas informáticos do Concello da información remitida, esta información terá consideración de información consolidada, aceptando o a entidade adxudicataria, expresamente, o seu contido, e renunciando a calquera reclamación sobre devandita información.

4.6.- A liquidación para practicarlle á entidade adxudicataria realizarase sempre a partir dos datos existentes nos sistemas informáticos do Concello, tendo o resto de liquidacións realizadas por outros medios carácter provisional.

4.7.- Non se procesarán nin terán ningunha consideración para os efectos de liquidación os datos que se envíen cunha demora maior de 72 horas desde que sexan xerados, así como aqueles que presenten incongruencias ou erros manifestos (números inválidos de tarxetas, tarifas inexistentes, etc.). Este requisito non se aplicaría se mediase causa de forza maior convenientemente xustificada.

4.8.- En caso de falta de datos relativos a un periodo, ou datos erroneos non subsanados, ou falta de xustificacion suficiente relativa ó acontecido, considerarase falta grave. E a efectos de computo aplicarase o valor medio correspondente ós datos faltantes, dos ultimos 3 meses.

## XIX.-SISTEMA DE AXUDA Á EXPLOTACIÓN (SAE)



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 45/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

1.- A entidade concesionaria deberá xestionar e manter un sistema de axuda á explotación (SAE) coa fin de facilitar información ao usuario e continuar coa mellora progresiva dos servizos prestados, adaptándose aos cambios dun xeito fiable, baseándose na situación real de cada servizo, recollida en tempo real, e permitindo realizar accións correctivas.

Neste momento disponse dun sistema destas características que está a ser xestionado pola empresa concesionaria do servizo de transporte urbano.

2.- O sistema de axuda á explotación empregado pola empresa licitadora deberá ser o que está en produción na actualidade, polo que a entidade licitadora terá a obriga de subscribir todos os servizos que está a realizar a empresa concesionaria, así como os que poidan estar contratados e pendentes de posta en produción.

Para iso, a entidade concesionaria subscribirá os posibles convenios e contratos da empresa concesionaria actual con todas as entidades implicadas na xestión e operación do sistema de axuda á explotación, no relativo á dita xestión e operación, como poden ser operadoras de telefonía, integradores xestores de mensaxería, ISPs, etc.

Así mesmo, deberá dotar as súas instalacións de todos os elementos hardware, software, de telefonía, comunicacións, de persoal, etc., que se requiran para manter en produción e sen interrupción todos os servizos do SAE.

Disporán de todos os elementos que se requiren nun *Data Center* para a salvagarda da seguridade física e lóxica dos equipos, das aplicacións informáticas e dos datos, como son os sistemas de alimentación ininterrompida, corrente estabilizada, sistemas extintores, acondicionamento de temperatura e humidade, redundancia nos sistemas e liñas de datos, redes locais certificadas, equipamento redundado, almacenamento consolidado, equipamento *fault-tolerant* en alta dispoñibilidade, procedementos operativos (segundo o esquema nacional de seguridade), e todos os medios que se requiran para **manter un servizo ininterrompido 24x7 con requisitos de rendemento específicos de aplicacións de tempo real** (*soft real time constraints*).

4.- O adxudicatario deberá formar a todo o persoal da súa empresa, que estea relacionado con este proxecto, no correspondente ao SAE que lle poda afectar, dependendo do propio perfil da persoa traballadora dentro da compañía: persoal técnico, condutor, operador, inspector, etc.

A empresa adxudicataria deberá proporcionarlle o servizo de información á persoa usuaria baixo demanda (ISAE), consistente na oferta de información do estado da rede de transporte a persoas usuarias da propia rede, persoal inspector de rúa, condutor e outro persoal empregado da compañía concesionaria, empregando dispositivos móbiles (teléfonos, PDAs*, tablets, notebooks*, etc).

5.- Os elementos básicos do sistema son os seguintes:

5.1.- **Centro de control de explotación**, que centraliza todas as comunicacións, información, proceso e toma de decisións do sistema. Atópase nas dependencias da actual entidade concesionaria do transporte urbano, polo que se poderá requirir da entidade licitadora unha migración dos elementos software e hardware relacionados co SAE, así como dos elementos de comunicacións (*modems*, electrónica de rede, tarxetas SIM, etc). No caso de haber algún conflito



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 46/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

ou dúbida sobre propiedade do equipamento, licenzas de software, ou calquera outro elemento do SAE, realizarase unha migración parcial, e a entidade licitadora deberá prover os elementos necesarios para garantir a continuidade do servizo.

5.2.- **Sistemas móbiles**, que corresponde a todos os sistemas embarcados a bordo dos autobuses da flota que se está a xestionar. Estes sistemas son propiedade do Concello de Lugo, e son xestionados pola concesionaria do transporte urbano.

5.3.- **Sistema de comunicacións**, que permite a comunicación entre os elementos do sistema, e con outros sistemas interconectados. A conexión entre o Concello de Lugo e o centro de control será responsabilidade do Concello. As comunicacións entre os sistemas de información, sistemas móbiles e elementos auxiliares co centro de control será responsabilidade da empresa concesionaria.

5.4.- **Sistemas de información á persoa usuaria**, que corresponden aos distintos medios de información dispoñibles nos autobuses e nas paradas.

5.5.- **Elementos auxiliares** necesarios para o correcto funcionamento do conxunto do sistema.

Unha descrición detallada destes sistemas, así como a especificación das funcións de cada un e a relación entre eles pódese atopar no anexo SAE.

Tras a aceptación e posta en marcha do SAE pola entidade adxudicataria, o Concello de Lugo poderá definir cantas probas considere oportunas que garantan o correcto funcionamento do sistema, e que serán desenvolvidas e realizadas pola empresa concesionaria.

Durante a execución do contrato será necesario adaptar o sistema SAE aos novos contornos tecnolóxicos, especialmente no referido ás velocidades e tecnoloxía das comunicacións ou á seguridade da información. O adxudicatario deberá acometer as adaptacións pertinentes, baixo demanda do Concello de Lugo, nos puntos que non sexan responsabilidade exclusiva do Concello.

5.6.- **Equipos portátiles de información**: utilizados polo persoal da entidade concesionaria para obter información sobre o desenvolvemento do servizo e actuar en consecuencia, ben poñéndose en contacto co persoal condutor, ben co persoal operador do centro de control e xestión. Están formados por dispositivos móbiles tipo *PDA*/*SMARTPHONE* así como por ordenadores portátiles con conexións móbiles de gran capacidade. Ademais existirán varios equipos portátiles propiedade do Concello, cuxas licenzas para acceso ao SAE deberán ser mantidas pola entidade concesionaria.

5.7.- **Comunicacións**. Garantirán o intercambio de información entre os anteriores elementos do SAE. Constarán dos seguintes compoñentes:

Comunicacións móbiles. Son as que se realizan entre o centro de control e xestión, o equipamento embarcado a bordo dos vehículos, os equipos portátiles de información, e os paneis de información á persoa usuaria en paradas.

A entidade concesionaria subrogarase no contrato existente co operador de comunicacións do SAE, e deberá existir ademais un contrato de garantías de dispoñibilidade das comunicacións, de forma que se asegure unha calidade do servizo adecuada para manter a operación con efectividade



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 47/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

durante todos os días do ano e con prioridade ante calquera circunstancia de saturación de rede.

As comunicacións de datos realizaranse mediante banda ancha móbil dun mínimo de 128 kb/s. A dita conexión contará cunha rede privada virtual (VPN) cos adecuados sistemas de copia de seguridade. O sistema de voz funcionará sobre a mesma plataforma de comunicacións sen interromper as transmisións de datos.

A entidade concesionaria permitiralle ao Concello de Lugo o acceso á rede privada virtual no caso de que sexa necesario para o acceso á información do sistema SAE.

Unicamente, o persoal operador do centro de control e o persoal inspector poderán establecer as chamadas de voz cos diferentes vehículos da súa flota, tendo estes restrinxida a capacidade de efectuar chamadas.

O centro de control e xestión comunicará cos equipos portátiles de información mediante as comunicacións móbiles.

O persoal inspector da concesión poderá establecer comunicacións por voz e mensaxes de texto coas condutoras e condutores, e co persoal operador do centro de control e xestión. Tamén poderán establecer unha comunicación de datos permanente co centro de control e xestión para recibir información do sistema en tempo real.

Rede sen fíos WiFi nas cocheiras. Os vehículos situados na cocheira, ao estar dotados de conectividade sen fíos WiFi poderán comunicar co centro de control e xestión a través do concentrador de cocheira para descarga de configuracións e envío de datos de operación.

Os datos de cancelacións do sistema de pagamento tamén se descargarán por este sistema ao chegar ás cocheiras.

Está rede sen fíos estará conectada á rede de área local da sede central da entidade concesionaria.

A antena da unidade central de proceso do vehículo en combinación coa posición GPS determinará cando un vehículo está fóra da contorna de cocheiras e desconectará a conexión sen fíos WiFi por cuestións de seguridade.

Poderanse propoñer sistemas máis avanzados ou eficientes ca os descritos se a evolución tecnolóxica o permite, sempre contando con garantías de seguridade e compatibilidade das comunicacións.

Adicionalmente, a entidade concesionaria terá as seguintes obrigas:

a) Mantemento das licenzas e das aplicacións específicas do SAE que posúa o Concello (equipos portátiles de información e accesos á aplicación do SAE).
b) Aportar todo o soporte técnico necesario así como do subministrador do SAE, para os proxectos que o Concello poida propoñer sobre aspectos tecnolóxicos do sistema de transporte.
c) Crear e manter unha páxina Web con información sobre o servizo e cos contidos mínimos que estipule o Concello.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 48/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

d) Crear e manter un sistema de información ás persoas usuarias sobre o servizo mediante mensaxes a teléfonos móbiles e a enderezos de correo electrónico incluíndo un sistema de subscrición a información personalizada do servizo por parte das persoas usuarias.

**XX.- OUTROS SISTEMAS AUXILIARES.**

A entidade concesionaria deberá levar a cabo as accións para implantar a “firma dixital” que garanta a autenticidade das informacións enviadas por medios electrónicos.

**XXI.- INSTALACIÓNS**

1.- A entidade concesionaria deberá dispoñer das instalacións adecuadas á normativa vixente e aplicable en cada momento, que lle permitan o correcto estacionamento e mantemento dos vehículos adscritos ao servizo, que serán de uso exclusivo para este.

2.- A entidade concesionaria deberá dispoñer dunhas instalacións, adecuadas á normativa vixente e aplicable en cada momento, coas seguintes características:

2.1.- Servirán para albergar os autobuses adscritos ao servizo e atoparanse dentro do termo municipal de Lugo.

2.2.- As características e localización de instalacións adicionais ás principais serán obxecto de oferta técnica, xustificando a súa adecuación ás necesidades existentes, e/ou servizos ofertados.

**XXII.- INFORMACIÓN DO SERVIZO**

1.- A información do servizo inclúe todos os recursos impresos ou dixitais e tecnolóxicos que sexan de utilidade para que a persoa usuaria habitual ou esporádica poida coñecer de forma permanente e actualizada ás características estables ou circunstanciais do servizo en todas as liñas.

2.- É competencia da entidade concesionaria a realización da información do servizo coas características que se definen neste apartado.

3.- Os aspectos de localización, deseño, presenza de logotipos, teléfonos de atención ao cliente, formatos, materiais e contido da información detallada neste apartado, deberán cumprir os requisitos que estableza o Concello no Manual de imaxe corporativa vixente.

4.- Isto poderá incluír informacións non relacionadas estritamente co transporte (paradas de taxi ou localización dos puntos limpos nas guías, p. ex.). Iso sen menoscabo de que a entidade concesionaria poderá propoñer para a súa aprobación por parte do Concello cantas modificacións considere que melloran a información do servizo á cidadanía.

5.- O Concello resérvase a posibilidade de, tras a notificación á entidade concesionaria, asumir temporalmente a información do servizo cando se produzan situacións excepcionais que o recomenden.

6.- É obrigación da entidade concesionaria determinar, no momento de asumir a xestión do transporte urbano, a persoa que pola súa banda coordinará estes traballos e que traballará co Concello.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 49/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

7.- A_información que sobre o servizo deberá realizar a entidade concesionaria incluirá, polo menos, os seguintes elementos:

**7.1.- Información nas paradas: marquesiñas e postes**

**7.1.1.-** Corresponderalle á entidade concesionaria a función de informar ás persoas usuarias sobre a natureza, réxime e condicións conforme ás cales se presta o servizo. Para ese efecto dispoñerá e deberá utilizar o espazo dispoñible en postes e marquesiñas.

**7.1.2.-** A información estable do servizo en postes e marquesiñas deberá estar sempre actualizada, e atenderanse as solicitudes de corrección do Concello ou das persoas usuarias no prazo máximo de cinco días naturais dende a notificación. Exclúese das responsabilidades da entidade concesionaria a colocación desta información, e que será realizada pola empresa que o Concello determine, para o que deberá coordinarse coa devandita empresa á que deberá entregar a información producida cunha antelación mínima de dúas semanas no lugar que se indique, e á que ademais deberá dirixir e supervisar a correcta execución destes traballos.

**7.1.3.-** As modificacións provisionais do servizo que afecte a toda a rede e que sexan previsibles e recorrentes (San Froilán, Arde Lucus, Todos os Santos, Nadal, horario de verán e outros que puidesen establecerse) deberán ser informadas especialmente. Igualmente, exclúese das responsabilidades da entidade concesionaria a colocación desta información, que se fará coas condicións establecidas no parágrafo anterior.

**7.1.4.-** É tamén competencia da entidade concesionaria a información dos cambios provisionais do servizo motivados por obras, tráfico ou calquera outra circunstancia temporal, e que xere afeccións cunha duración superior a 30 minutos. Nestes casos a entidade concesionaria deberá informar en todos os postes e marquesiñas da liña afectada cunha antelación mínima de 48 horas sempre que non sexa por causas imprevistas. Se, pola súa importancia, o Concello ou a entidade concesionaria consideran oportuno emitir previamente unha nota de prensa, esta será enviada pola entidade concesionaria tras a supervisión do contido polo Concello.

**7.1.5.-** No caso de que o cambio de servizo utilice paradas provisionais, deberán estar sinalizadas cos postes provisionais. A entidade concesionaria deberá retirar a información dos cambios provisionais do servizo unha vez que estes cesasen, con carácter inmediato.

**7.1.6.-** As pantallas do sistema de axuda á explotación que se atopen nas marquesiñas e postes deberán ofrecer, como mínimo, a seguinte información:

**-** Tempo estimado para a chegada (e/ou saída se así se require) dos autobuses con parada no punto no que se atopa a pantalla.

**-** En caso de paradas múltiples, información das paradas mencionadas (nun segundo nivel)

- Incidencias, modificacións, avisos, etc., sobre o servizo.
- Data e hora.
- Mensaxes pregravadas institucionais que indique o Concello.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 50/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

**7.2.- Información nos autobuses**

**7.2.1.-** O persoal da entidade concesionaria deberá proporcionar a información do servizo que, en cada momento, lle sexa requirida polas persoas usuarias.

**7.2.2.-** Todos os autobuses da flota dispoñerán de, polo menos, un soporte visible e accesible polas persoas pasaxeiras na entrada. Nel poderán poñerse a disposición da persoa usuaria que o desexe os elementos informativos impresos que en cada momento se consideren de interese (modificacións permanentes da liña, planos-guía da rede, mensaxes de sensibilización, etc.).

**7.2.3.-** Os autobuses dispoñerán sempre nun lugar visible do interior, información resumida das tarifas vixentes en cada momento.

**7.2.4.-** É tamén responsabilidade da entidade concesionaria a colocación no interior dos autobuses dun soporte de información esquemática e facilmente intelixible das características da liña que nese momento se está atendendo. Esta información deberá conter, polo menos, o detalle de todas as paradas que se realizan nesa liña diferenciando ben cada un dos sentidos e as cabeceiras de liña. Para iso os autobuses dispoñerán dun soporte no que sexa posible o cambio rápido da información cando o vehículo pase a ofrecer servizo a unha liña distinta.

**7.2.5.-** Os autobuses do servizo dispoñerán de recursos técnicos suficientes para poder emitir por megafonía mensaxes de interese xeral relacionados co servizo do transporte urbano. A redacción, produción e distribución destas mensaxes é competencia da entidade concesionaria. O Concello supervisará e aprobará o contido das mensaxes.

**7.2.6.-** É competencia da entidade concesionaria a información nos paneis luminosos interiores e no sistema de voz para persoas invidentes activado mediante mando de radiofrecuencia no interior do vehículo e no seu exterior na porta de entrada, todos eles sincronizados co sistema de axuda á explotación. Estes deberán ofrecer, polo menos, a información da liña que en cada momento está realizando o vehículo, a hora, temperatura exterior e a denominación da parada á que vai chegar en cada momento do percorrido, así como a correspondencia con outras liñas, e canta información adicional puidese resultar de interese.

**7.3.7.-** Os vehículos da entidade concesionaria deberán manter no seu exterior información, mediante rótulos electrónicos, tanto do número como da denominación da liña que se atopen desenvolvendo. Esta plasmarase na parte alta da fronte do vehículo mentres que o número de liña deberá figurar na parte frontal, no lateral dereito e na parte posterior do autobús.

**7.3.- Información nos Planos-Guía**

**7.3.1.-** É competencia da entidade concesionaria a edición de, polo menos, tres veces ao ano e en cantidade suficiente para que sempre haxa dispoñibilidade de planos-guía coa información detallada de toda a rede.

**7.3.2.**- A entidade concesionaria deberá distribuír estes impresos nos autobuses da rede e nos centros de afluencia de público da cidade que se determinen, e que incluirá, como mínimo, hoteis, estacións, universidades, centros





Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 51/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

de saúde e oficinas de turismo e todas aquelas organizacións e particulares que o soliciten a través do Servizo de Atención ao Cidadán do Concello, así como o propio Servizo de Atención ao Cidadán do Concello.

**7.4.- Información na páxina web.**

**7.4.1.-** A información do servizo do transporte a través da páxina web é competencia da entidade concesionaria, para iso desenvolverá un portal ao que se poderá acceder mediante un enlace desde a páxina web oficial do Concello.

**7.4.2.-** O desenvolvemento do portal, o seu aloxamento e o mantemento e actualización da información será competencia da entidade concesionaria.

**7.4.3.-** Os aspectos visuais desta contorna deberán ser coherentes coa imaxe da páxina web oficial do Concello que deberá aprobar o seu deseño e poderá indicar modificacións**.**

**7.4.4.-** A páxina web ofrecerá, polo menos, a seguinte información:

- Plano da rede.
- Plano detallado, horas de inicio e finalización, frecuencias e horarios de paso por parada de cada unha das liñas.
- Planificador de viaxes: como ir desde... ata... incluíndo tempo total da viaxe con cada unha das opcións propostas.
- Información dinámica do servizo a partir da información do SAE (cando pasa o meu autobús, visualización virtual da localización de cada autobús a tempo real)
- Envío de noticias a través de RSS (avisos, desvíos provisionais, modificacións, etc.)
- Xeración de "**Widgets*" (aplicacións ou programas que se poden instalar no escritorio que lle permitirán á persoa usuaria un fácil acceso ás funcións que máis utiliza).
- Espazo destacado para avisar das incidencias temporais, previstas ou sobrevidas, que se produzan en cada momento.
- A información na páxina web deberá estar sempre actualizada, e a entidade concesionaria deberá atender e facer efectivas as solicitudes de corrección do Concello no prazo máximo de 24 horas.

## XXIII.- IMAXE DO SERVIZO

1.- A imaxe do servizo, en canto ao interior e exterior dos vehículos, o mobiliario urbano e a información do servizo será definida polo Concello a través do seu manual de imaxe corporativa, que se lle entregará á entidade concesionaria e que se actualizará sempre que se produza unha modificación. Non obstante, as entidades licitadoras presentarán oferta de imaxe aplicable aos autobuses, interiores e incorporación de espazos publicitarios nos vehículos, e cantos elementos consideren para mellorar a imaxe do servizo.

2.- A entidade concesionaria deberá garantir a uniformidade na vestimenta do persoal traballador que desenvolva o seu traballo de cara ao público.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 52/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

3.- O Concello poderá regular os contidos sonoros que puidesen afectar ao confort das viaxeiras e viaxeiros.
4.- O Concello realizará cantas campañas de sensibilización e imaxe considere adecuadas, para o que poderá solicitar a colaboración da entidade concesionaria en localización de vehículos e apoio loxístico.
5.- A entidade concesionaria poderá propoñer para executar ao seu cargo outras campañas de información e sensibilización sempre que tanto o seu contido como a súa imaxe e o seu calendario sexan previamente supervisados e aprobados polo Concello.
6.- Tanto o Concello coma a entidade concesionaria, sempre coa aprobación previa do Concello, poderán comprometer accións de sensibilización en colaboración con outras institucións ou entidades. En calquera dos casos, cando ambas as entidades coincidan na colaboración cunha entidade en accións de imaxe e sensibilización, farano de forma conxunta e coordenada.
7.- A organización de actos, estratexias de comunicación, convocatoria de medios de comunicación e roldas de prensa nos casos de cambios permanentes ou melloras no servizo (presentación da flota, ampliacións ou modificacións de liñas, cambios de tarifa, incorporación de novidades tecnolóxicas, etc.) serán responsabilidade do Concello, e para iso poderá solicitarlle á entidade concesionaria a súa colaboración, que esta deberá prestar de xeito obrigatorio.
8.- Correspóndenlle ao Concello as actividades relacionadas coa sensibilización nos centros escolares da cidade, e para o seu desenvolvemento contará coa colaboración da entidade concesionaria.

**XXIV- REQUISITOS DE CALIDADE DO SERVIZO**

  - Estado global da explotación (liñas e autobuses en hora, adiantados e atrasados, atrasos medios...)
  - Datos de liñas concretas (adiantos e atrasos de cada un deles, posición relativa no percorrido da liña en visualización gráfica, etc.).
  - Datos dun vehículo concreto (estado das alarmas, localización exacta, persoa condutora, servizo...)
  - Datos históricos do servizo (xornada, xornadas precedentes).
- Interface para controladores:
  - Mensaxes destinadas ao persoal condutor.
  - Avisos destinados aos paneis de información de marquesiñas
  - Medidas de regulación da marcha dos vehículos (ordes ao persoal condutor)
  - Incidencias producidas ou que se vaian producir.
  - Creación/modificación de servizos
- Comunicarlle ao persoal condutor as instrucións de regulación (mensaxes escritas ou orais).
- Regular a marcha dos autobuses cos criterios que se definan, en función da información recibida.
- Xestión dos postos de información ao público usuario situados en dependencias municipais, baseándose nas circunstancias de cada momento (o seu mantemento será responsabilidade do Concello).
- Comunicación cos sistemas automáticos de xestión de tráfico para as funcións que se describirán en apartados posteriores (responsabilidade da Policía Local).
- Recompilar información desagregada (por vehículo, tramo de percorrido e períodos horarios) en tempo real para o seu tratamento.
- Xerar os indicadores definidos neste prego, así como a serie de indicadores da norma UNE 13816.

### Funcións de comunicacións en tempo real



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 76/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Manter unha comunicación permanente, baixo supervisión do centro de control, entre todos os elementos que compoñen o sistema. Prodúcese de dúas formas básicas:

- Comunicación continua e automática de **datos** entre o centro de control e os demais elementos do sistema.
    - Nun ciclo de duración non superior a 20 segundos, recíbese no centro de control información sobre o estado dos parámetros de todos os sistemas móbiles (localización, alarmas, etc.).
    - Dende o centro de control e de forma automática, solicitar datos do estado dun móbil concreto.
    - Envío de información dende o centro de control ao equipo móbil para visualizar no *display* da persoa condutora. A información transmitida pode ser automática (ordes de regulación) ou manual (mensaxes de texto enviados pola persoa operadora).
    - Enviar, vía radiocomunicación, ficheiros concretos de datos relevantes entre o Centro e os móbiles (configuración, parametrización, datos do sistema de billetaxe, actualizacións, etc.).
    - Enviar información dos tempos de chegada e mensaxes institucionais aos postos de información situados nas marquesiñas.
    - Recibir información do estado dos postos de información das marquesiñas.
- Comunicación de **voz**: realizar comunicacións verbais auxiliares. Dous tipos:
    - Interfonía normal: realízase a petición do controlador ou da persoa condutora, mediante solicitude previa ao sistema, que efectuará as operacións de conmutación necesarias para deixar aberto o servizo de interfonía.
    - Interfonía de emerxencia: realízase mediante petición de calquera das dúas persoas interlocutoras e suporá o establecemento inmediato da comunicación, así como a sinalización ao controlador de que se trata dunha comunicación de emerxencia.

A comunicación de voz xestiónase, adicionalmente, polos seguintes criterios:

- Dende o centro de control selecciónase con autobús, liña, grupo de liñas ou toda a flota
- Se se producen varias solicitudes de persoas condutoras simultáneas, a persoa controladora poderá definir a prioridade, tomándose por defecto a orde de solicitude.

**Funcións dos sistemas móbiles**

Os sistemas móbiles corresponden ao conxunto de elementos a bordo dos autobuses. As súas funcións son:

Funcións SAE:

- Xestionar o funcionamento do sistema de comunicacións de a bordo.
- Comunicarse de forma automática co centro de control coa periodicidade necesaria para cumprir a funcionalidade especificada.
- Habilitar un interface coa persoa condutora a fin de:



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 77/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

- Visualizarlle á persoa condutora as mensaxes do sistema de a bordo e as mensaxes do centro de control.
- Permitirlle a esta ou a este introducir os datos que o sistema lle solicite.

- Localizar dun xeito autónoma a súa posición na liña (distancia á orixe do tramo da liña da parada na que se detén) mediante a información dos distintos elementos instalados nos vehículos, que inclúen o sistema de localización baseado en GPS, odómetro e sensores de apertura de porta.

Información a bordo: facilítaselles información ás pasaxeiras e aos pasaxeiros consistente en:

- Próxima parada do autobús.
- Posibles enlaces na próxima parada.
- Calquera outro tipo de información de interese (publicidade, avisos...)

**Información nas marquesiñas**

Xestiona os paneis de información das marquesiñas das paradas, destinados a dar as estimacións de tempos de chegada. Para cada liña que teña parada nese punto, ofrécense os seguintes datos:

- Nº de liña
- Destino
- Tempo estimado de chegada do próximo autobús á parada.

O centro de control dispón dunha aplicación integrada de xestión dos postos, cunha interface que permite enviar mensaxes de texto de utilidade para as persoas usuarias.

En tempo real, de forma automática, estes dispositivos informan ao centro de control do seu estado co obxecto corrixir calquera anomalía.

Disponse dun sistema de información accesible ás persoas con diversidade funcional visual, baseado nun sistema sintetizado de voz por software, que permite, mediante presión nun pulsador no báculo do panel informativo da parada, escoitar una locución en galego coa información reflectida nos paneis á que se engade o enderezo da parada e destino de cada liña.

Os dispositivos de voz están instalados nas 8 paradas da zona Urban:

- Ronda da Muralla, 25
- Ronda da Muralla, 58
- Ronda da Muralla, 70
- Ronda da Muralla, 118
- Ronda da Muralla, 140
- Ronda da Muralla, 163-164
- Avenida da Coruña, 2
- Rúa Montero Ríos, 2-4

**Información ao persoal usuario baixo demanda**

A través de **páxina WEB e telefonía móbil,** o sistema permitiralles ás persoas usuarias consultar dende unha páxina Web a estimación de paso por parada das distintas liñas integrantes da explotación. O sistema permitirá a integración cos sistemas de posición por satélite de Google, Microsoth, Yahoo e OpenStreetMap,



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 78/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

permitindo facer zoom sobre as liñas e obter información de próximas estimacións facendo clic sobre as paradas. Tamén permitirá ver imaxes reais das paradas.
As persoas usuarias poderán consultar a estimación de paso por parada dos vehículos dende o seu teléfono móbil, tanto por SMS ao través da pasarela SMS dun operador, ou pola execución dun programa de J2ME no móbil (a contratación da pasarela para este servizo será responsabilidade da entidade adxudicataria).
Por medio de **Web Services,** o SAE permitirá a subministración da información que xera a un terceiro sistema externo, desenvolvido pola entidade adxudicataria a través de Web Services, que son publicados para a persoa usuaria final.
Esta funcionalidade permitirá a terceiras partes, alleas ao Concello, integrarse co sistema para desenvolvementos de aplicacións propietarias, sempre contando co seu consentimento e a adquisición da licenza necesaria por parte do subministrador do sistema.

**Interface gráfica SAE**
Este sistema dispón dunha interface gráfica onde se amosa a información dun xeito xerárquico. A persoa usuaria operadora pode profundar na información mediante a visualización de valores numéricos e táboas de información referidas ás liñas para determinar incidencias. Esta interface envíalle mensaxes á persoa operadora para que realice accións de regulación sobre as liñas.
As entidades básicas para a organización da información son:

- Liñas
- Vehículos
- Servizos de condutora/or
- Servizos de vehículo (autobús)

Inclúe tamén unha representación cartográfica para a visualización dos vehículos sobre o mapa.
A interface dispón de áreas para a xestión da interfonía (apertura e peche de conexións, visualización de peticións, etc.) que inclúe:

- Lista de eventos: peticións de interfonía en modo lista.
- Identificación do equipo para establecer a comunicación.
- Botóns de actuación: teñen a función principal de apertura de interfonía normal, cancelación da interfonía e pausa.

Dispón dunha representación sinóptica onde se mostra a posición real (ou estimada entre refrescos de posicións reais) dos coches sobre a liña de xeito esquemático (posición lineal). Para cada coche móstrase o intervalo co coche precedente e a súa relación coa posición teórica, intervalos e porcentaxes de desviación, distancias e tempos de separación, tempos de desfasamento, etc.
Amósanse tamén os posibles estados dos vehículos:

- Pendente de substitución (na próxima volta).
- Emerxencia.
- En interfonía.
- Perda de comunicación
- Completo
- Non asignado



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 79/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

- Avaría
- Deslocalizado

A interface prové unha representación sinóptica que presenta cada liña segundo a súa tipoloxía, mantendo os diferentes segmentos da liña un espazo proporcional á distancia que representan na realidade.

**Procesos de asignación, desasignación e xestión de substitucións**

O SAE xestiona dinamicamente a asignación e desasignación de condutoras e condutores, vehículos e servizos. A desasignación pode ser tamén forzada por unha persoa operario por mor dun cambio de vehículo por avaría ou calquera outra razón.

A secuencia de actividades de servizo que se suceden sobre un coche determina as substitucións que sobre el se van producir. O SAE permite, dinamicamente e en tempo real, reasignar distintos intervalos dun servizo a distintas condutoras e condutores, podendo unha mesma actividade implicar a varias condutoras e condutores, polo que se xerarán así substitucións adicionais.

O SAE amosa tanto as horas estimadas de chegada ao momento de substitución, como as horas planificadas modificadas (de referencia) e as horas planificadas iniciais (teóricas).

**Funcións de localización**

A localización dos autobuses realízase de forma autónoma e con precisión dabondo para garantir o correcto funcionamento da regulación da marcha destes e a coordinación cos sistemas de control semafórico.

O equipo autolocalízase, de xeito que a localización da parada ou a posición sobre a orixe da liña e o sentido desta calcúlanse no equipo SAE do autobús, aínda que nese instante non houbese comunicación co centro de control.

Os dispositivos de localización empregarán tecnoloxía GPS, apertura de portas e odómetro.

**Ferramentas de regulación**

Adóptase un conxunto de medidas co obxecto de corrixir as desviacións producidas durante a realización dos servizos, para manter na medida do posible os horarios que se programaron ou, se é o caso, uns niveis suficientes de calidade do servizo, minimizando así os tempos mortos e percorridos en baleiro.

O sistema a bordo do vehículo informa á persoa condutora do tipo de regulación que se está a aplicar no momento, así como da súa situación de adianto ou atraso na liña, en valor absoluto, e respecto dos autobuses anterior e posterior a el.

Incorpóranse dous tipos de accións de regulación:

- As destinadas a manter o horario programado, mediante o envío de instrucións á persoa condutora.
- As destinadas a modificar o horario programado, mantendo controlados os parámetros do servizo máis relevantes (frecuencias e substitucións).

Para unha regulación fiable e que facilite a axuda á toma de decisións por parte do operador, o sistema incorpora dous conceptos de horario:



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 80/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

- Horario teórico: é o horario inicialmente planificado correspondente ao tipo de día asignado á data.
- Horario de referencia: é o horario que efectivamente se utiliza para a regulación.

O sistema amosará en tempo real e de forma simultánea os horarios reais, de referencia e teóricos, co fin de poderse avaliar as accións de regulación que se están a realizar.

Estratexias de regulación a nivel de autobús individual:

- Modificación de saída de cabeceira
- Introdución de vehículo de reforzo durante unha banda horaria ou polo resto do día
- Eliminación dun coche durante unha banda horaria determinada ou polo resto do día.
- Efectuar un percorrido sen pasaxe polo itinerario máis curto posible.
- Efectuar un percorrido sen pasaxe facendo o percorrido por dentro da liña
- Efectuar un cambio de sentido para incorporarse nunha parada do sentido oposto.
- Non cargar pasaxe até unha parada determinada.
- Quedar sen pasaxe ao chegar á parada indicada.
- Reter o vehículo o tempo indicado na parada indicada.

Estratexias de regulación a nivel de liña:

- Modificación do tempo de percorrido.
- Atrasar ou adiantar dende un instante dado o horario da liña, xa sexa a nivel de volta completa ou de semivolta.
- Perda de volta, consistente en conseguir que os coches da liña sufran un atraso progresivo.
- Perda de viaxe, consistente en xerar un atraso progresivo na liña para conseguir que no instante previsto de paso por un punto especificado pásese por outro punto próximo, pero no sentido oposto.
- Xestión de desvíos, podéndose definir percorridos alternativos das liñas, para resolver problemas de tráfico.
- Regulación por intervalo, recalculando o horario de referencia automaticamente para adaptalo ás condicións reais de cada momento.

**Funcións estatísticas e outras aplicacións**

A aplicación contempla a xestión de informes e estatísticas, baseándose na información xerada diariamente polo sistema, o que implica o almacenamento diario de datos primarios relevantes xerados durante a explotación, aos que se ten acceso en tempo real:

- Quilómetros
- Horarios de cada coche
- Servizos
- Eventos de autobús
- Accións dos operadores
- Rexistros estatísticos do equipo de a bordo



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 81/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Realízase un procesamento básico para realizar agrupacións e acumulacións relevantes a partir das distintas categorías de información definidas.
Disponse de informes e listaxes definidos polos operadores mediante ferramentas dedicadas.
En caso de perda de datos fortuíta, por caída do sistema ou circunstancias imprevisibles que lle puidesen afectar ao seu funcionamento e que provocasen perda de datos, realizarase unha estimación dos datos que faltan tomando como referencia a media do parámetro requirido no último mes.

**Elementos hardware**

**Centro de control** (CC)
Encóntrase instalado nas dependencias da empresa concesionaria de transportes urbanos. Dispón de:

- Servidor central para procesamento en tempo real. Serve ademais como posto de operador. Pódese acceder ao sistema dende outras estacións de traballo da rede local da empresa concesionaria.
- Impresora para informes en papel.
- Sistemas de conexión do CC cos outros elementos do SAE mencionados, cos de xestión de tráfico, ou calquera outro que poida requirir a información da explotación en tempo real ou en diferido.
- Elementos complementarios auxiliares
- Electrónica de rede (módems, cortalumes, balanceadores de carga, conmutadores, etc.)

**Sistema de comunicacións**
O sistema utiliza tecnoloxía GPRS/GSM, e permite a conexión en liña de todas as unidades embarcadas co centro de xestión e o envío da información relevante ás persoas usuarias nos puntos de información á persoa usuaria.
As comunicacións de voz utilizan o sistema GSM, mentres que os datos utilizan GPRS podendo usarse varias canles simultaneamente e posibilitando así unha maior velocidade de transmisión.
As chamadas de voz teñen prioridade sobre as sesións de datos, polo que interrompen temporalmente estas últimas cando se realizan as chamadas.
O intercambio de información entre o CC e os servizos móbiles realízase mediante un ciclo de *polling* dinámico, que permite reestruturar a orde de consulta aos autobuses.
Para establecer comunicacións do SAE cos postos de operación remotos, situados na empresa concesionaria e nas oficinas da Policía Local do Concello de Lugo, empréganse comunicacións ADSL de 2 Mbps, como mínimo, estando prevista a súa próxima modificación a través de liña 3G. O posto de operación da Policía Local accede a Internet o través da LAN municipal, que conta cun enlace dun ancho de banda máximo de 100 Mbps.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 82/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Disponse dunha rede sen fíos WiFi en cocheiras para comunicación dos vehículos co CC para a carga de arquivos nos sistemas móbiles e recepción dos datos de operación no CC.
Poderase considerar a descarga dos arquivos de uso das tarxetas cidadás dende as canceladoras embarcadas e dende o sistema de xestión dispoñible na empresa concesionaria.

**Sistemas móbiles**
Ordenador embarcado para control de sistema móbil con comunicación co sistema de comunicacións embarcado, indicadores de destino, sensores e captadores especificados, módem GPRS, dispositivo WIFI.
Os módems instalados nos vehículos polo Concello de Lugo son Wavecom modelo Fasttrack.
O Concello de Lugo tamén proporciona as tarxetas GPRS do seu provedor de comunicacións, subministrando tamén as 44 IPs dinámicas (rango de IPs privadas para a VPN entre equipos móbiles con ancho de banda fixo), correspondentes aos 21 postos nas paradas e 22 autobuses implicados.
O computador de a bordo é de tipo PC/104, con 6 portos serie (RS232, RS485 ou TTL), 24 entradas/saídas dixitais e avisador acústico.
Consola para comunicación da persoa condutora e a pasaxeira co sistema:
*Display* alfanumérico 160 mm x 230 mm da persoa condutora
Dispositivos acústicos e luminosos: *leds* de indicación á persoa condutora do estado *on/off* do equipo, se ten servizo, entrada de datos, pendente, interfonía, avaría, espera e bloqueo.
Teclado multifuncional específico para as funcións requiridas.
Equipos auxiliares: micrófono e altofalante de condutora/or (para comunicacións de voz), antena de comunicacións, GPS.
Todos os equipos instalados están debidamente certificados, segundo recollía no seu momento o prego de especificacións para a contratación do SAE, e soportan as condicións especiais de funcionamento propias do seu contorno de funcionamento (protección antivandálica, contra humidade, temperaturas extremas, sobretensións, interferencias, etc.).
Incorporarase nos coches un sistema de voz para información a persoas invidentes no interior e no exterior dos vehículos, activado polas persoas usuarias mediante un pulsador, non sendo preciso, polo tanto, un receptor de radiofrecuencia.
A persoa condutora dispón dun pulsador para comunicar situacións de urxencia ao centro de control.
Para coñecer o número de persoas que descenden do autobús, disporase dun sistema de visión artificial nas portas de baixada persoas que descenden do autobús, instalado no 15% da flota.
Disporase tamén dun sensor de calidade ambiental (temperatura e humidade).
Para medir a calidade de condución, haberá instalados acelerómetros que detectarán aceleróns e freadas bruscas, almacenando lugar e hora onde se produciron.



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 83/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

Sensor de presión de pneumáticos para priorizar mantementos diarios en cocheiras.
O sistema ten capacidade para a instalación de emisores para realizar as peticións de priorización do transporte público nos cruzamentos semaforizados.

**Sistemas de información en paradas**
Os paneis de información á persoa usuaria inclúen:
- Visor de tecnoloxía *LED*.
- Controlador do visor e carcasa interior, fonte de alimentación, protección fronte sobrecargas e altas temperaturas, etc.
- Protección antivandálica

Os sistemas de información de voz dispoñen de control de volume, e activación/desactivación en función dun horario para cada panel.
Incorporarán sonda ambiental para medición de temperatura e humidade.

**Sistemas de información embarcados**
Disponse dun sistema de visualización con topoloxía carácter, co efecto visual de texto corrido, aparecendo pola dereita e desaparecendo pola esquerda.
O panel dispón de comandos de control para controlar a visualización do día e hora e función calendario e a velocidade de desprazamento.

**Sistemas de información á persoa usuaria baixo demanda** (páxina WEB e telefonía móbil)
O servidor para o sistema ISAE atópase instalado nas dependencias da empresa concesionaria.
O sistema permitirá integrarse cos sistemas de posición por satélite de Google, Microsoft, Yahoo e OpenStreetMap, podendo facer zoom sobre as liñas e obter información de próximas estimacións facendo clic sobre as paradas. Tamén permite ver imaxes reais das paradas.

**Elementos auxiliares**
Todos os elementos auxiliares que se introduzan deben cumprir as especificacións técnicas definidas para os sistemas móbiles, e serán reutilizables todos os elementos en uso na actualidade que se consideren adecuados.
Os equipos portátiles de información (*PDAs, smartphones, tablets, notebooks*, etc.), empregados polo persoal de inspección da empresa concesionaria, dedicados á obtención de información sobre o estado do servizo para notificar aos operadores do SAE, disporán de acceso á VPN do SAE para a obtención de información.

**Elementos software**

**Sistema de información á persoa usuaria baixo demanda (ISAE)**
A partir da instalación actual que se poderá analizar por parte das entidades licitadoras dentro do prazo de presentación de propostas, deberanse conseguir, con carácter mínimo, as funcionalidades que se indican, debendo a entidade



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 84/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

adxudicataria asumir os custos da integración cos sistemas de posicionamento por satélite, da pasarela SMS, entre outros.
Está deseñado para a distribución da información por diferentes medios para a monitorización do sistema a través de terminais móbiles *PDA, tablets ou notebooks*, conectados de xeito sen fíos mediante a VPN GPRS do SAE. Ofrece información a persoas usuarias da rede de transporte público, ás persoas inspectoras de rúa e ao propio persoal condutor e empregadas e empregados da compañía usuarios do SAE.
O servidor central de información (ISAE) atópase conectado directamente ao SAE a través da LAN da entidade concesionaria.
O produto ISAE consta, basicamente, dun proceso servidor de información (ISAE Server), que recolle a información directamente do SAE e, a partir da información recollida, o servidor de información dispón de servizos de publicación e difusión da información, accesibles a través de diferentes medios. Neste momento atópase instalada e configurada unha serie de servizos web (rutinas e elementos para vincularse), a fin de integrarse nunha páxina web. Non existe unha plataforma montada neste momento. O sistema de información á persoa usuaria baixo demanda ISAE deberá garantir as funcionalidades que se indican a continuación, para o cal a entidade adxudicataria deberá -a partir do hardware e software co que conta o sistema neste momento- realizar os desenvolvementos que foran precisos a fin de conseguilo.
Os servizos desenvolvidos dentro da solución ISAE son:

- Estimación de pasos por parada por WEB, incluíndo unha representación sinóptica da estimación de pasos por parada e permitindo acceder aos tempos estimados de chegada.
- Operador remoto (OpR) para acceso dende a web, onde se lle ofrece á persoa usuaria unha visión completa do sinóptico da liña coa posición real dos autobuses e a súa posición de referencia, ademais de datos sobre a frecuencia real e o número de vehículos en liña. A información obterase directamente do SAE en tempo real, e os datos estruturais serán obtidos directamente da base de datos do SAE.
- Supervisor remoto, consistente nunha ferramenta de seguimento en tempo real do SAE para a supervisión do resumo da explotación. A información obtense do SAE en tempo real.
- Estimación de pasos por parada por J2ME, para acceder dende telefonía móbil, con aplicación J2ME, á información das horas de paso dos próximos autobuses dunha liña/parada para cada un dos posibles destinos. J2ME é unha ferramenta para construción de aplicacións Java destinadas a executarse en dispositivos con recursos limitados, como son teléfonos móbiles, *tablets* ou *PDAs*.
- Estimación de pasos por parada por SMS, para recibir mensaxes de texto con solicitudes de información (liñas e paradas) en remitir información pasos por parada requiridos. Chegarán ao sistema ISAE por medio dun servidor de mensaxes SMS vía Internet. Poden acceder ao sistema as persoas usuarias rexistradas en calquera dos operadores de telefonía móbil existentes, o que



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 85/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

implica a participación dun integrador que actúe como xestor de mensaxería. A contratación deste integrador será responsabilidade da entidade adxudicataria.

## ANEXO: Material Móbil

### FLOTA DE VEHÍCULOS:

Un mínimo de 21 autobuses para satisfacer as necesidades da rede de transporte urbano vixente +4 unidades de reserva (reforzos, avarías, etc.)
A nova entidade concesionaria terá a obriga de facerse cargo dos vehículos adscritos á concesión con anterioridade e que son os seguintes:

| Nº | MATRÍCULA | CHASIS | MARCA |
|---|---|---|---|
| 1 | LU-7157-P | WDB357425110766229 | Mercedes-O 405N lince |
| 2 | LU-4578-S | WDB35746111079716 | Mercedes-O 405 N2 venus |
| 3 | LU-6776-U | WEB61240111087695 | Mercedes- O 405 N2 |
| 4 | LU-5149-T | WDB9044631P634324 | Mercedes (microbus) Aro sprinter |
| 5 | LU-8191-V | WMAA22086C003381 | Man-NL263 F Cittour |
| 6 | LU-0575-W | VS9628000W4172003 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 7 | LU-1010-X | VS9628000X4172030 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 8 | LU-4646-X | WEB62800011092863 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 9 | 5923-CHB | WMAA35ZZZ3H002625 | Man-NM 223 F Cittour |
| 10 | 1967-DBK | WEB62804313105897 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 11 | 2004-DBK | WEB62804313105898 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 12 | 0416-DRP | WEB62804313108682 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 13 | 8375-DRT | WEB628044313108683 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 14 | 2395-FHJ | WEB62804310600636 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 15 | 1300-FNT | WEB62804310600637 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 16 | 8805-FVM | WEB62804310600640 | Mercedes-O 530 Citaro |
| 17 | 9071-GLB | WEB62848313118453 | Mercedes-O 530 Citaro-K |
| 18 | 1659-GSR | WEB62848313701834 | Mercedes-O 530 Citaro-K |
| 19 | 1734-GSR | WEB62848313701853 | Mercedes-O 530 Citaro-K |
| 20 | 7468-GZK | WEB62848310602931 | Mercedes-O 530 Citaro-K |
| 21 | 7527-GZK | WEB62848310602932 | Mercedes-O 530 Citaro-K |

A entidade concesionaria prestará inicialmente o servizo cos autobuses e tipoloxía actuais; adaptando os investimentos e renovación futuros á explotación e tipoloxía definida neste prego. Para todos os efectos, estes vehículos e os que posteriormente adquira a entidade concesionaria consideraranse adscritos á concesión e para uso exclusivo desta.

### CONDICIÓNS DE IDADE MEDIA E MÁXIMA DOS VEHÍCULOS

Co fin de garantir un mantemento da calidade do servizo, a entidade concesionaria que resulte adxudicataria estará obrigada a unha renovación do parque de



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
|---|---|---|---|---|
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 86/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

vehículos adscritos a esta a partir do sexto mes do primeiro ano, de forma tal que se cumpran as seguintes condicións:
. A antigüidade media da flota non poderá exceder os 10 anos durante o período de concesión.
. A antigüidade máxima dos vehículos que vaian ser utilizados, calquera que sexa o seu réxime de adscrición, non poderá exceder dos 15 anos durante o período de concesión, sendo dados de baixa na súa adscrición, automaticamente, os vehículos ao cumprir esa idade nos condicións que establece este prego. Excepcionalmente, o Concello de Lugo poderá prorrogar, por un prazo non superior a 1 ano, a permanencia de vehículos con antigüidade superior aos anos citados, sempre que a idade media da flota a 31 de decembro de cada ano non exceda a idade fixada.
. Salvo no momento do traspaso da concesión actual, todos os vehículos que se adscriban a esta deberán ser de nova adquisición.

**CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS MÍNIMAS INICIAIS DOS VEHÍCULOS NOVOS:**

Sen prexuízo dos demais equipamentos solicitados no prego, no ámbito tecnolóxico, publicidade, comunicación e demais, necesarios para os servizos para prestar, as características técnica mínimas do material rodante serán:
Motor diésel (Euro VI), de polo menos 175 kW de potencia.
. Cilindrada, ao menos, de 5,5 litros.
. Cambio automático.
. Lonxitude entre 10 e 12 m, segundo liña de adscrición.
. Ancho entre 2,30 e 2,55 m, segundo liña de adscrición.
. Mínimo 78 prazas, segundo distribución e lonxitude.
. Piso baixo e sistema *klenning*.
. Equipamento para persoas pasaxeiras discapacitadas en conformidade coa correspondente directiva europea.
. Sistema de climatización.
. Homologación segundo a directiva 2001/85/CE ou superior.
Os vehículos deberán dispoñer de todas as autorizacións legalmente esixibles para a prestación dos servizos contratados e cumprirán coas prescricións legais existentes en canto a ruídos, contaminación e defensa do medio ambiente, conforme ao establecido na lexislación sectorial en vigor, debendo pasar as revisións periódicas que legalmente procedan, estando a disposición do Concello de Lugo a preceptiva documentación de cada vehículo, ao longo do período da concesión.

**EFICIENCIA ENERXÉTICA E VEHÍCULOS PILOTO**

Durante o segundo ano de concesión, a entidade concesionaria comprométese a establecer un plan piloto de eficiencia enerxética, baseado na adquisición de, polo menos, un vehículo de fontes enerxéticas e emisións distintas que, con carácter de experiencia piloto, se poida utilizar na rede como base para a toma de decisións na renovación da flota durante o período da concesión. O Concello de Lugo dará a súa aprobación á tipoloxía do vehículo proposto así como ao plan piloto de eficiencia



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | | FECHA | 08/04/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 87/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==

enerxética, que deberá estar redactado e presentado pola entidade concesionaria ao Concello, o segundo ano.
En caso de que se decida cambiar o plan de renovación de flota en función das citadas experiencias, deberá ser logo do consentimento expreso do Concello de Lugo en función dos estudos e análises de todas as índoles (aforro custos, eficiencia enerxética, financeiros etc.) que o Concello determine precisos. O custo dos devanditos estudos e análises correrá por conta da entidade concesionaria.
Un dos aspectos que se valorará en especial é o balance económico resultante relativo aos cambios das diferentes partidas de aforro e custos que provoque a elección dun novo material móbil, o Concello determinará, se é o caso, se proceden ou non os cambios propostos."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 1.109.439,32 euros con cargo á aplicación orzamentaria 44000.47200 do presuposto prorrogado para o ano 2014.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.**



Código Seguro de verificación:4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo<br>Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 08/04/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA== | PÁGINA | 88/88 |

4dtZTVKjA9RyKf/Ip6aPgA==